

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 355

IX lexislatura

13 de outubro de 2014

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 7 de outubro de 2014.

[81134](#)

1.3.6. Proposici3ns non de lei

1.3.6.2. Proposici3ns non de lei en Comisi3n

1.3.6.2.4. Proposici3ns tramitadas

COMISI3N 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACI3N, GANDARÍA E MONTES

Aprobaci3n por unanimidade con modificaci3ns

- 27587 (09/PNC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, Mar3a Tereixa

Sobre as actuaci3ns que debe levar a cabo o Goberno galego en relaci3n coa situaci3n do sector vitivin3cola

[81144](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 26165 (09/PNC-002199)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

[81144](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

- 28276 - 17425 (09/PRE-005107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da demora e a data prevista para a publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012

[81152](#)

- 28273 - 17593 (09/PRE-005128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de liquidez do sector mexilloeiro para afrontar as obrigas económicas contraídas

[81153](#)

- 28274 - 18236 (09/PRE-005198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao mantemento da planta de Freiremar, S.A., de Vigo, así como o seu emprego

[81154](#)

- 28279 - 18271 (09/PRE-005199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do papel que debe ter o Instituto Galego de Promoción Económica no futuro financeiro de Galicia, a incidencia no seu funcionamento dos recortes de fondos levados a cabo e a posibilidade da súa transformación nun instrumento financeiro público

[81156](#)

- 28248 - 18736 (09/PRE-005240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos

[81158](#)

- 28251 - 18851 (09/PRE-005253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña

[81160](#)

- 28269 - 19269 (09/PRE-005277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as razóns do non funcionamento do servizo de radioloxía no centro médico de Carballo para a atención das urxencias fóra do horario ordinario

[81162](#)

- 28266 - 19585 (09/PRE-005298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a situación do sector industrial de Galicia e a evolución nel da afiliación á Seguridade Social

[81163](#)

- 28264 - 20870 (09/PRE-005443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas da comunidade educativa do Colexio de Educación Infantil e Primaria Fernández Varela, da Pobra do Caramiñal, referidas ao arranxo das deficiencias que presentan as súas instalacións

[81164](#)

- 28272 - 21027 (09/PRE-005467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova e o mantemento dos seus postos de traballo, así como o futuro previsto para esta empresa

[81166](#)

- 28250 - 21115 (09/PRE-005476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os datos referidos ás parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia dende a entrada en vigor da nova lexislación e a tramitación das solicitudes presentadas, así como a valoración do funcionamento dese banco de acordo cos resultados acadados

[81167](#)

- 28278 - 21296 (09/PRE-005492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o despedimento de traballadores da empresa Infinita Renovables, do grupo Isolux, así como as previstas co fin de que a empresa Masol Iberia Biofuel, do grupo Musim Mas, garanta o futuro da planta de Ferrol e dos seus postos de traballo

[81169](#)

- 28270 - 21362 (09/PRE-005495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre a formación e a contratación laboral do persoal de enfermaría especializado en saúde mental

[81171](#)

- 28280 - 21434 (09/PRE-005504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego respecto da aplicación dos fondos europeos

[81172](#)

- 28254 - 21516 (09/PRE-005510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre os compromisos concretos do ente público Portos de Galicia para a dotación dun dique de abrigo ao porto de Aldán e os prazos e orzamento previstos para a súa execución, así como o establecemento de compensacións económicas para os propietarios das embarcacións afectadas polos temporais

[81174](#)

- 28252 - 21518 (09/PRE-005511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural e do Mar da situación de estancamento en que se atopa a produción de ameixa xapónica en Galicia, as medidas previstas ao respecto, así como as adoptadas para a cobertura da demanda de semente, e a necesidade de diferenciar a cultivada en Galicia da procedente doutros lugares

[81176](#)

- 28275 - 21609 (09/PRE-005518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego co fin de protexer o prezo do alugueiro dos novos contadores electrónicos de enerxía eléctrica con discriminación horaria e a posibilidade de telexestión para consumidores domésticos, para clientes con menos de 15 quilovatios

[81180](#)

- 28253 - 21723 (09/PRE-005528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política da Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa escaseza de sardiña

[81182](#)

- 28277 - 22294 (09/PRE-005623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o coñecemento e a autorización pola Xunta de Galicia do proxecto que está a tramitar unha empresa privada para o saneamento integral da cámara de captación de augas da burga Lume de Deus, da vila dos Baños de Cuntis, así como a súa valoración ao respecto

[81184](#)

- 28271 - 22347 (09/PRE-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para asesorar e amparar os concellos nas súas reclamacións polo cobramento indebido da tarifa eléctrica, as razóns da non aplicación do convenio asinado pola Federación Galega de Municipios e Provincias ao respecto e o papel que vai desenvolver na súa defensa

[81185](#)

- 28249 - 22372 (09/PRE-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o alcance do anuncio do Sr. presidente da Xunta de Galicia do mantemento dos recortes salariais aos empregados públicos e as previsións respecto do cumprimento do disposto na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, en relación coa súa revisión

[81187](#)

- 28247 - 23111 (09/PRE-005693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

SUMARIO

Sobre os datos referidos ás persoas beneficiarias e as axudas concedidas en cada unha das provincias galegas dende a posta en marcha do programa de gratuidade solidaria dos libros de texto, así como as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da súa implantación en soporte dixital [81189](#)

- 28263 - 24151 (09/PRE-005808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a denuncia da Mesa pola Normalización Lingüística referida á exclusión da lingua galega nas comunicacións ao profesorado e no formulario que remite a empresa contratada pola Xunta de Galicia para xestionar o programa PIALE, de aprendizaxe integral de linguas estranxeiras [81191](#)

- 28268 - 24201 (09/PRE-005819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as liñas de actuación que vai poner en marcha a Xunta de Galicia para cooperar na superación das dificultades que está a atravesar a empresa Tafisa [81193](#)

- 28267 - 24256 (09/PRE-005821)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a ampliación do crédito levada a cabo para as axudas de apoio ás iniciativas abertas de difusión, por valor de 390.000 euros [81194](#)

- 28075 - 16645 (09/PRE-005868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre os problemas ocasionados ás familias e empresas pola suba do recibo da luz [81196](#)

- 28076 - 16646 (09/PRE-005869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para paliar a pobreza enerxética [81198](#)

- 28077 - 16647 (09/PRE-005870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a suba abusiva do recibo da luz [81200](#)

- 28030 - 16847 (09/PRE-005880)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier
Sobre a declaración de ben de interese cultural do dique civil da Cabana, no concello de Ferrol [81202](#)

- 28041 - 16881 (09/PRE-005884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o control dos investimentos realizados polas compañías eléctricas [81204](#)

- 27956 - 16985 (09/PRE-005900)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel
Sobre o expediente de regulación de emprego da concesionaria das instalacións deportivas da Xunta na cidade da Coruña [81205](#)

- 27949 - 17006 (09/PRE-005904)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da segunda edición do Plan Renove para as cubertas de lousa [81206](#)

- 27934 - 17096 (09/PRE-005926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da situación da empresa Alimentos Lácteos [81207](#)

- 27943 - 17100 (09/PRE-005927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as obras de restauración e recuperación da lagoa e do humidal da Frouxeira, no concello de Valdoviño [81208](#)

- 28035 - 17162 (09/PRE-005934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co mantemento da titularidade pública de Renosa [81209](#)

- 28072 - 17263 (09/PRE-005957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o plan ou estratexia do Goberno galego para o sector naval

[81211](#)

- 27931 - 17303 (09/PRE-005966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 6 máis

Sobre as medias previstas polo Goberno galego para o apoio do sector da fabricación de ataúdes na provincia de Ourense

[81212](#)

- 28111 - 17378 (09/PRE-005971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do aproveitamento dos fondos europeos destinados a Galicia no período 2007-2013

[81213](#)

- 28045 - 17400 (09/PRE-005976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis

Sobre a data prevista para o inicio das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo

[81215](#)

- 28049 - 17414 (09/PRE-005979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a información trasladada polo Servizo de Salvamento Marítimo ao Goberno galego en relación co sinistro da gabarra *Prima* o 13 de xaneiro de 2014

[81217](#)

- 28080 - 17426 (09/PRE-005981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da demora na publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012

[81219](#)

- 28036 - 17452 (09/PRE-005985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o abaratamento do solo industrial na comarca de Valdeorras

[81220](#)

- 28050 - 17564 (09/PRE-006001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cancelación da celebración en Vigo da edición de 2015 da Feira Mundial da Pesca

[81221](#)

- 27945 - 17635 (09/PRE-006011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación co estado de deterioración en que se atopa o mercado de Caranza, na cidade de Ferrol

[81222](#)

- 27970 - 17638 (09/PRE-006012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre a actividade da Casa de Galicia en Madrid

[81223](#)

- 28257 - 17645 (09/PRE-006013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico desenvolvido na sétima lexislatura

[81224](#)

- 28051 - 17732 (09/PRE-006029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os criterios defendidos polo Goberno galego nas negociacións mantidas en Madrid para a repartición de cotas das principais especies peláxicas, como a ríncha, o xurelo ou o lirio, no Cantábrico noroeste para o ano 2014

[81225](#)

- 27948 - 17912 (09/PRE-006052)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia en relación coa calidade do comercio galego

[81227](#)

- 28033 - 17913 (09/PRE-006053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia en relación cos centros comerciais abertos

[81228](#)

- 28052 - 17927 (09/PRE-006055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

SUMARIO

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir unhas condicións de seguridade na atracada e no fondeo das embarcacións no porto de Laxe [81230](#)

- 27930 - 18040 (09/PRE-006071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do papel do Igape como principal axente da política económica de apoio ás empresas en Galicia [81232](#)

- 28054 - 18111 (09/PRE-006081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as negociacións mantidas en Madrid para a repartición das principais especies peláxicas [81233](#)

- 27938 - 18147 (09/PRE-006085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a presentación dun plan estratéxico de turismo en Galicia e a valoración polo Goberno galego dos resultados do turismo durante o ano 2013 [81235](#)

- 27920 - 18237 (09/PRE-006096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao mantemento da planta de Freiremar, S.A., de Vigo, así como o seu emprego [81236](#)

- 28071 - 18360 (09/PRE-006111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes de asinamento do convenio [81237](#)

- 28073 - 18361 (09/PRE-006112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes na actualidade de asinamento do convenio, as razóns da demora e o seu importe [81238](#)

- 28081 - 18362 (09/PRE-006113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o estado de execución e pagamento das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II [81240](#)

- 27921 - 18363 (09/PRE-006114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os convenios asinados para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II [81242](#)

- 27936 - 18565 (09/PRE-006124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a decisión do ente público Portos de Galicia de reducir o horario da iluminación nas instalacións portuarias da súa competencia [81243](#)

- 27958 - 18633 (09/PRE-006128)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Díaz Pérez, Yolanda

Sobre o aforro económico derivado da supresión de seis días de libre disposición na función pública [81244](#)

- 28078 - 18637 (09/PRE-006129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a proposta do Goberno do Estado en materia de retribucións ás enerxías do réxime especial [81245](#)

- 28108 - 18737 (09/PRE-006139)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos [81247](#)

- 28055 - 18852 (09/PRE-006147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña [81249](#)

- 27937 - 19053 (09/PRE-006155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a invitación ao Concello de Vigo a participar en Fitur 2014

[81251](#)

- 27974 - 19172 (09/PRE-006160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non acatar as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos

[81252](#)

- 28104 - 19438 (09/PRE-006171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para defender as competencias de Galicia en materia deportiva

[81253](#)

- 28079 - 19587 (09/PRE-006179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a evolución do sector industrial de Galicia en relación co resto dos sectores da economía galega dende a entrada do actual Goberno

[81254](#)

- 28074 - 19592 (09/PRE-006181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das causas da forte perda de emprego no sector téxtil de Galicia

[81256](#)

- 28039 - 19664 (09/PRE-006188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-208 no tramo comprendido entre Portonovo e A Lanzada, no concello de Sanxenxo

[81258](#)

- 27922 - 19797 (09/PRE-006198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no monte Neme, no concello de Carballo

[81259](#)

- 27944 - 20149 (09/PRE-006209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento dos requisitos para o nomeamento da presidencia de todos os parques naturais de Galicia

[81260](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de política xeral

1.3.2.1.2. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia do 7 de outubro de 2014.

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do día 7 de outubro de 2014, aprobou, no punto único da orde do día (Debate anual de política xeral: doc. núm. 27295, 09/DEBA-000002), as seguintes resolucións:

1ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda, como resolución, a continuidade da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforro e as causas e responsabilidades da súa actual situación, co obxecto de analizar a nova documentación achegada á Comisión, que evidencia a existencia de prácticas de maquiación por parte dalgún dos altos dirixentes das antigas caixas para enriquecerse persoalmente a custa de causar un grave prexuízo económico á entidade. A Comisión avaliará, así mesmo, calquera novo documento ou dato que se achegue sobre prácticas de enriquecemento ilícito.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia acorda, por resolución, que a Comisión deberá concluír os seus traballos, coa emisión e aprobación do correspondente ditame, antes de que conclúa o actual período de sesións.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 4 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego co G.P. Popular de Galicia).

2ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a obxectivizar e dar a coñecer publicamente os factores para o outor-

gamento de calquera dotación pública con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, rexeitando a discriminación producida con base en elementos non imparciais e inxustificadas, incluíndo as contías dirixidas ao ámbito local.

Igualmente, o sector público autonómico incluírá novas cláusulas sociais nos procesos de contratación pública que leve a efecto, tal que incidan na mellora das condicións sociolaborais e promovan o aumento e a calidade do emprego.»

Aprobada pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 39 do G.P. dos Socialistas de Galicia co G.P. Popular de Galicia).

3ª resolución

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a comprometer nos orzamentos as partidas suficientes para desenvolver a nova oficina xudicial e fiscal, o expediente electrónico e as tarefas de arquivo e expurgación, e, no seu ámbito competencial, a instar a creación de novos órganos xudiciais contidos na memoria de xulgados e tribunais de Galicia de 2013, conforme o acordado na Comisión Mixta TSXG-Xunta de Galicia, e a dirixirse aos organismos competentes para solicitar o reforzamento do FOGASA.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 7 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda co G.P. Popular de Galicia).

4ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a conceder unha importancia prioritaria á loita contra a fraude fiscal. En particular, debe ser obxecto dunha actuación prioritaria e específica por parte da Axencia Tributaria de Galicia a persecución das distintas formas de fraude, evasión e elusión fiscal practicadas polas grandes empresas e os grandes patrimonios.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 38 do G.P. Popular de Galicia cos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Mixto).

5ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a seguir impulsando medidas para evitar o continuo incremento nos prezos dos carburantes en Galicia, que figuran entre os máis caros do Estado sen ningunha xustificación obxectiva.»

Aprobada por 58 votos a favor, 8 en contra e 7 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 6 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

6ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir a rectificación con carácter inmediato e, de non producirse, proceder ao cesamento de calquera cargo público que faga declaracións con contidos sexistas, xenófobos ou homófobos.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 22 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

7ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar a desenvolver campañas de promoción de hábitos de vida saudable (*Xente con Vida, Xermola...*) e, nomeadamente, unha campaña de prevención e información dos trastornos alimentarios entre as persoas adolescentes, púberes e na primeira xuventude.»

Aprobada por 65 votos a favor, 8 en contra e ningunha abstención.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 23 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

8ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno central a modificación da Lei de taxas, de xeito que quede asegurada a proporcionalidade da contía da taxa coa materia en litixio, garantindo así a tutela xudicial efectiva de todos os cidadáns.»

Aprobada por 58 votos a favor, 15 en contra e ningunha abstención.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 28 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

9ª resolución

«O Parlamento de Galicia manifesta a súa preocupación polo actual estado en que se atopa a Xustiza en Galicia e insta a Xunta de Galicia a seguir provendo de orzamentos o sistema xudicial co obxectivo de realizar unha mellora integral deste, dotándoa dos recursos necesarios para a súa eficiencia, e que a revalorice como un dos piares fundamentais do Estado de Dereito.»

Aprobada por 63 votos a favor, 8 en contra e 2 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 33 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

10ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que desenvolva os medios que permitan que os pacientes do Servizo Galego de Saúde poidan acceder á información sobre a súa demora na lista de espera, así como sobre a previsión da data da súa atención, en desenvolvemento da Lei de garantías.»

Aprobada por 64 votos a favor, 0 en contra e 7 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 38 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

11ª resolución

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inclúa dentro da nova estratexia de inclusión social un apartado específico de loita contra a pobreza infantil que concrete as actuacións que deberán desenvolver as diferentes administracións públicas de Galicia para facer efectivos os dereitos dos e das menores, con especial incidencia naqueles que se atopan en situación de risco de pobreza, que conte coa participación dos axentes sociais e inclúa unha planificación orzamentaria plurianual.»

Aprobada por 63 votos a favor, 0 en contra e 7 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta de resolución núm. 40 do G.P. Mixto co G.P. Popular de Galicia).

12ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a comprometerse co desenvolvemento do termalismo en Galicia e a consideralo como un sector estratéxico para o turismo, creador de traballo e por iso fonte de riqueza para o noso país.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Proposta de resolución núm. 5 do G.P. Mixto).

13ª resolución

«O Parlamento de Galicia manifesta a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Proposta de resolución núm. 26 do G.P. Mixto).

14ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar un saneamento dos ríos e rías galegos, incidindo no control das verteduras e sancionando con todo o peso da lei a quen comete estes delitos ecolóxicos.»

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

(Proposta de resolución núm. 31 do G.P. Mixto).

15ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o control das subvencións e bolsas outorgadas, para evitar posibles fraudes.»

Aprobada por 65 votos a favor, 8 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 27 do G.P. Mixto).

16ª resolución

«O Parlamento insta o Goberno galego a elaborar dun xeito participativo, incluíndo a todos os sectores sociais do rural, un novo Programa de Desenvolvemento Rural para o período 2014-2020, que supoña un cambio radical de modelo, para reverter a dramática situación de abandono e envellecemento causada polas políticas levadas a cabo nos últimos anos, e que propicie un rural vivo e con oportunidades para que a xente viva con dignidade, mediante un programa que fixe obxectivos de incremento e recuperación de superficie agraria útil, de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria que garanta, cando menos, os niveis actuais da poboación agraria activa, de potenciación de novos sectores produtivos e de investimento en investigación, formación e asesoramento, e incluíndo un plan de investimento que garanta que o rural conte cuns servizos públicos equiparables aos que existen nas zonas urbanas.»

Aprobada por 71 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 21 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda).

17ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover políticas que favorezan o incremento dos salarios galegos, situándoos ao nivel do Estado e garantindo a non discriminación en función do salario feminino.»

Aprobada por 71 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 35 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda).

18ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, impulsar a aprobación antes de final de ano do ditame da Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de medidas de prevención e erradicación da corrupción política que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

— No ámbito do Goberno galego: a mellora na transparencia dos procedementos negociados; limitar a capacidade de actuación dos gobernos en funcións; regular os procesos de traspaso de poderes; e a introdución dunha nova obriga de inhibición dos altos cargos en asuntos que afecten intereses de empresas nas que eles ou os seus familiares formasen parte dos órganos de decisión nos dous anos previos ao nomeamento.

— No ámbito do Parlamento de Galicia: reformar a Lei do Consello de Contas de Galicia para atribuírlle facultades de prevención da corrupción política.

— No ámbito dos partidos: promover un acordo para un financiamento dos partidos restrinxido aos fondos que se fixen nos orzamentos públicos e ás achegas dos seus afiliados e cargos públicos; e cunha diminución no gasto das campañas electorais, reducíndoas a 7 días, limitando os espazos habilitados para a propaganda e aumentando e fomentando o contraste de ideas e o debate, tamén nos medios de comunicación.»

Aprobada por 58 votos a favor, 15 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 2 do G.P. Popular de Galicia).

19ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda manifestar a súa firme condena a todo tipo de actos de terrorismo, como os ocorridos recentemente en Baralla, e ás organizacións terroristas que exercen este tipo de actos, como Resistencia Galega; así como expresar o seu rexeitamento a calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista.»

Aprobada por 65 votos a favor, 8 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 4 do G.P. Popular de Galicia).

20ª resolución

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a impulsar un polo aeronáutico en Galicia a través da elaboración e posta en marcha dunha estratexia integral que facilite o desenvolvemento de sistemas e estruturas neste sector e, de maneira especial, no ámbito dos vehículos aéreos non tripulados (UAV) de uso civil no Aeródromo de Rozas (Lugo), así como a capacitación de traballadores da metalurxia para realizar traballos no sector aeronáutico.»

Aprobada por 40 votos a favor, 8 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 18 do G.P. Popular de Galicia).

21ª resolución

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a desenvolver a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, en sintonía cos acordos que se acaden cos axentes sociais, co obxectivo de consolidar o traballo realizado ata o de agora e facer dos mercados exteriores un motor de crecemento; cunha folla de ruta que prevexa:

— incrementar as exportacións en máis dun 25 %, ata superar os 23.000 millóns de euros;

— acadar un crecemento do 25 % no número de empresas exportadoras chegando ás 8.000; ou

— incrementar a participación das exportacións no PIB ata o 40 %.»

Aprobada por 57 votos a favor, 8 en contra e 8 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 20 do G.P. Popular de Galicia).

22ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe co desenvolvemento do Plan Estratéxico do Turismo, coa aposta pola diversificación, a través da estratexia impulsada a prol do termalismo, promovendo a aprobación dun Plan Director dos Camiños de Santiago e impulsando a creación dun Centro Internacional de Acolida ao Peregrino.»

Aprobada por 39 votos a favor, 27 en contra e 7 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 26 do G.P. Popular de Galicia).

23ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en relación coa Nova Axenda Dixital de Galicia Horizonte 2020, poña en marcha o II Plan de banda larga de Galicia para o despregamento de redes ultrarrápidas, co fin de conseguir o 100 % de cobertura a unha velocidade de 30 megas e o 50 % a 100 megas, e que aprobe o Plan de inclusión dixital de Galicia, co obxectivo de afondar na alfabetización dixital da cidadanía para fomentar o mellor uso das TIC.»

Aprobada por 47 votos a favor, 8 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 27 do G.P. Popular de Galicia).

24ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un Plan da xeotermia para que, en colaboración cos axentes implicados, se simplifique a posta en marcha de instalacións que aproveiten esta enerxía renovable e o seu crecemento continuo de forma competitiva e sustentable.»

Aprobada por 39 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 29 do G.P. Popular de Galicia).
25ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar os procedementos de fusión municipal, incluíndo no novo Proxecto de lei de Administración local de Galicia a creación dun fondo especial para a fusión voluntaria de concellos no marco do desenvolvemento da lexislación básica estatal.»

Aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 30 do G.P. Popular de Galicia).

26ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar as medidas de prevención e loita contra a violencia de xénero, incidindo tanto na sensibilización, a través da posta en marcha dun plan de actuacións dirixidas á comunidade escolar, como no máximo aproveitamento das vantaxes que derivan da integración no sistema Viogen, facilitado polo Ministerio do Interior á Unidade de Policía Adscrita e proximamente á Secretaría Xeral de Igualdade.»

Aprobada por 47 votos a favor, 8 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 34 do G.P. do Popular de Galicia).

27ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir impulsando o diálogo e a negociación co Ministerio de Xustiza, de xeito que en calquera deseño futuro da planta xudicial se teñan en conta as peculiaridades e necesidades que Galicia presenta para unha axeitada prestación do servizo público da Xustiza.»

Aprobada por 40 votos a favor, 0 en contra e 32 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 35 do G.P. Popular de Galicia).

28ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar novos pasos no incremento do uso do galego no ámbito da

Xustiza, a través dun proxecto de colaboración institucional que permita que a cidadanía teña acceso en lingua galega a distintos textos xurídicos e normativos emanados das diferentes administracións.»

Aprobada por 40 votos a favor, 25 en contra e 7 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 37 do G.P. Popular de Galicia).

29ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a prestar toda a colaboración que precisen os emigrantes retornados afectados pola regularización fiscal prevista para os primeiros seis meses do ano 2015. Para tal efecto a Axencia Tributaria de Galicia estará en permanente comunicación e ofrecerá toda a colaboración á Axencia Estatal Tributaria para facilitar a regularización das súas rendas.»

Aprobada por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 40 do G.P. Popular de Galicia).

30ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar impulsando a introdución das tecnoloxías no eido das administracións, para facelas máis modernas e eficientes, e a poñer en funcionamento o Arquivo Dixital Integrado de Galicia, que permita almacenar dixitalmente toda a documentación da Xunta e dos concellos e comezar así a facer realidade a progresiva eliminación do papel.»

Aprobada por 40 votos a favor, 7 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 5 do G.P. do Popular de Galicia).

31ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar estendendo o uso das novas tecnoloxías no sistema educativo galego, reforzando a Plataforma de contidos dixitais, co fin de que ata 25.000 nenos e nenas galegos teñan acceso antes do remate da lexislatura a contidos curriculares com-

pletos e gratuítos, así como a continuar a implantación do proxecto Abalar.»

Aprobada por 40 votos a favor, 7 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 9 do G.P. do Popular de Galicia).

32ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar levando a cabo medidas de impulso do emprendemento, en liña coas disposicións da Lei 9/2013, reforzando o actual paquete de medidas fiscais de apoio ao emprendedor a través da ampliación da dedución por creación de novas empresas ou por ampliación de novas empresas de recente creación ás sociedades cooperativas e laborais.»

Aprobada por 39 votos a favor, 26 en contra e 8 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 19 do G.P. do Popular de Galicia).

33ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar continuidade á aposta pola innovación, en liña coas previsións da Estratexia de especialización intelixente RIS3 e estendendo esa aposta ao conxunto da sociedade con medidas como a aprobación nos orzamentos de 2015 dunha dedución do 25 % das cantidades que se doen a centros de investigación de universidades, así como aos promovidos ou participados pola Xunta.»

Aprobada por 39 votos a favor, 26 en contra e 8 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 23 do G.P. do Popular de Galicia).

34ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco do Plan de dinamización demográfica de Galicia, inclúa nos orzamentos de 2015 un novo paquete de medidas de impulso á natalidade, dirixido ás familias coas rendas baixas que aposten por ter máis dun fillo:

— Incrementando ata os 1.200 euros/ano durante tres anos a dedución por nacemento ou adopción do segundo fillo, e ata os 2.400 euros/ano durante tres anos a partir do terceiro fillo.

— Incrementando de 400 a 600 euros o límite deducible por coidado de menores ás familias con dous ou máis fillos.

— Incrementando tamén para as familias de dous ou máis fillos a rebaixa fiscal en vigor para mozos por alugamento de vivenda, duplicando o límite deducible ata os 600 euros.

Así mesmo, ínsta a que continúe incrementando a oferta de prazas públicas en escolas infantís, con obxectivo de acadar 2.000 novas prazas antes do remate da lexislatura.»

Aprobada por 39 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 11 do G.P. do Popular de Galicia).

35ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda axilizar a aprobación do mandato marco previsto na Lei 9/2011, de medios públicos audiovisuais de Galicia, que, en todo caso, incluírá un compromiso de contratación externa coa industria audiovisual e do entretemento tendente a acadar un obxectivo dun 30 % do orzamento da corporación para producións audiovisuais no ámbito da televisión e unha significativa redución do número de postos de persoal directivo, co fin de avanzar na eficacia das súas estruturas integradas e, en definitiva, nunha provisión do servizo público de radiotelevisión que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía de Galicia cun menor custo.»

Aprobada por 39 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 36 do G.P. do Popular de Galicia).

36ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar, xunto cos axentes sociais e económicos, impulsando medidas e incentivos para o emprego, especialmente naqueles colectivos con máis dificultades, ampliando o Plan de

emprego xuvenil cunha inxección económica de 48 millóns de euros e detallando no seo do diálogo social un Plan de emprego para os parados maiores de 45 anos.»

Aprobada por 39 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 12 do G.P. do Popular de Galicia).

37ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que desenvolva, promova e impulse medidas de integración da xuventude e da muller galega na vida asociativa das entidades e comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e a que revitalice e garanta a continuidade destas entidades da galeguidade e a plena participación do conxunto dos galegos residentes no exterior nas sociedades galegas.»

Aprobada por 39 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 33 do G.P. do Popular de Galicia).

38ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un Atlas das paisaxes de Galicia, que conteña un catálogo que defina e caracterice as áreas paisaxísticas da nosa terra, ao tempo que dispoña unhas directrices de obrigado cumprimento nos documentos de planificación urbanística para a súa conservación, recuperación e posta en valor traballados nun axeitado proceso de participación pública.»

Aprobada por 40 votos a favor, 8 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 24 do G.P. do Popular de Galicia).

39ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e aprobar un plan integral para a mellora enerxética dos fogares galegos, propiciando un maior grao de benestar e habitabilidade, así como unha rebaixa fiscal ás familias que invistan en instalacións de calefacción ou auga quente que

empreguen enerxías renovables, e mais a solicitar do Consello Galego da Competencia que elabore o próximo ano un informe sobre o mercado eléctrico en Galicia.»

Aprobada por 39 votos a favor, 26 en contra e 7 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 28 do G.P. do Popular de Galicia).

40ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar mellorando a atención dos maiores e das persoas dependentes, ampliando o modelo de carteiras, co inicio da tramitación da Carteira para persoas maiores ou con discapacidade que teñan autonomía, e a seguir atendendo o máximo número de dependentes posible coa incorporación de máis de 2.000 novas altas no sistema antes de fin de ano.»

Aprobada por 39 votos a favor, 16 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 10 do G.P. do Popular de Galicia).

41ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar a aposta polo Plan de potenciación de linguas estranxeiras, coa extensión de xeito progresivo do estudo dunha terceira lingua no ensino postobrigatorio, comezando o próximo curso pola introdución do bacharelato plurilingüe.»

Aprobada por 39 votos a favor, 16 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 21 do G.P. do Popular de Galicia).

42ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir priorizando a atención aos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social, garantindo que nos orzamentos do ano 2015 a partida destinada á risga se incremente, como mínimo, na mesma porcentaxe na que aumenten as solicitudes.»

Aprobada por 39 votos a favor, 16 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 39 do G.P. do Popular de Galicia).

43ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio ao Goberno da nación nas medidas conducentes a garantir o respecto á Constitución española de 1978 no que atinxe á organización territorial do poder do Estado, e insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno da nación a potenciación dos mecanismos de colaboración entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, en particular, fomentando a Conferencia de Presidentes como instrumento que permita ás diferentes comunidades un marco multilateral no que debater os puntos de vista sobre as novas vías para evolucionar na nosa arquitectura institucional e mais reforzando os vencellos de solidariedade e contribuíndo a consolidar o Estado das autonomías.»

Aprobada por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 3 do G.P. Popular de Galicia).

44ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que as próximas ofertas públicas de emprego que convoque, tanto na educación coma na sanidade pública, sexan xa conforme a nova taxa de reposición do 50 %, logo de diálogo cos sindicatos.»

Aprobada por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 6 do G.P. Popular de Galicia).

45ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar o proceso de mellora das infraestruturas hospitalarias de Galicia, e de xeito concreto:

— Coa licitación da obra de ampliación do hospital público da Costa en 2015.

— Seguir negociando a cesión dos terreos necesarios para poder acometer a obra do hospital público de Pontevedra.

— Concluir as obras do novo bloque cirúrxico no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña en 2015.

— Finalizar a obra do novo hospital público de Vigo e comezar co seu equipamento no primeiro semestre de 2015.

— Executar a ampliación do hospital público do Salnés co fin de que estea rematada en 2016.

— Executar as obras do novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario de Ourense co fin de rematalas en 2016.»

Aprobada por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular de Galicia).

46ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar co traballo desenvolvido a prol da mellora das ferramentas normativas e económicas que aseguren unha forza negociadora e unha axeitada construción de prezos no sector gandeiro, forestal e agrario, con especial incidencia na consolidación da que atinxe o chamado ‘paquete lácteo’, así como a culminar o proceso de dotación dos elementos normativos e orzamentarios que leven a reforzar a competitividade e sustentabilidade do sector lácteo diante do escenario do final das cotas de produción, nomeadamente, coa aprobación do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria e coa posta en marcha do novo Programa de desenvolvemento rural 2014-2020.»

Aprobada por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 13 do G.P. Popular de Galicia).

47ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda, co obxectivo de dar un maior impulso democrático e avanzar na calidade da nosa democracia representativa, reforzar as vías de participación dos cidadáns nesta Cámara, con medidas como a creación dun novo mecanismo de participación que habilite os cidadáns para presentaren proposicións non de lei, completar o proceso de renovación das institucións estatutarias ou aproveitar o debate aberto no Congreso –por proposta desta Cámara– para promover unha maior participación dos emigrantes nas eleccións.»

Aprobada por 39 votos a favor, 15 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 1 do G.P. Popular de Galicia).

48ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar continuidade á súa colaboración e apoio ao sector naval e a todos os seus axentes, a través dunha Axenda integral de apoio ao sector naval que reforce o estímulo á competitividade, o uso das novas tecnoloxías e a innovación, de modo que se elaboren en Galicia produtos finais de elevada tecnificación.»

Aprobada por 39 votos a favor, 15 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 16 do G.P. Popular de Galicia).

49ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a renovar as liñas de fortalecemento do Sistema universitario de Galicia, a través dun novo plan de financiamento no que se potencie a repartición estrutural e derivado da obtención de resultados, cun novo enfoque de internacionalización mediante unha liña de actuación que axude as universidades galegas a melloraren a súa posición nos *rankings* ou indicadores de nivel nacional e internacional. Así mesmo, instaa a levar a cabo a definición dun proceso de verificación e renovación de titulacións universitarias a cargo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia co obxecto

de, baixo o respecto á autonomía universitaria, afianzar as cotas de calidade do Sistema universitario de Galicia.»

Aprobada por 39 votos a favor, 15 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 22 do G.P. Popular de Galicia).

50ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a continuar traballando por unha mobilidade sustentable que combine a promoción dos medios de transporte alternativos e faga especial fincapé no desenvolvemento do Plan de transporte metropolitano, e a continuar coa súa implantación nas áreas metropolitanas de Galicia coas mesmas vantaxes e condicións que xa están tendo éxito en catro delas. Así mesmo, impulsará, en colaboración co Ministerio de Fomento, o reforzo da intermodalidade a través do uso de billetes combinados de autobús, tren e avión e da coordinación de horarios para ofrecer o mellor servizo aos cidadáns.»

Aprobada por 39 votos a favor, 15 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 25 do G.P. Popular de Galicia).

51ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, co obxectivo de adaptarnos á realidade sanitaria e na liña da Estratexia galega de atención integral á cronicidade, aborde o proceso de estratificación poboacional por niveis de risco, aprobe o Plan 72 horas de continuidade asistencial a domicilio nos tres días posteriores á alta médica co obxectivo de evitar reingresos innecesarios e, igualmente, complete o proxecto de innovación sanitaria xa en marcha a través dos programas Hospital 2050 e Innova Saúde.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 7 do G.P. Popular de Galicia).

52ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa planificación da diversificación e do estímulo pro-

ductivo do noso monte e coa mellora do investimento no monte galego mediante o establecemento das liñas básicas de elaboración do novo Plan forestal de Galicia no seo do Consello Forestal, o desenvolvemento das ferramentas normativas e administrativas que favorezan o investimento efectivo de fondos económicos no monte e o reforzo do investimento no monte a través das medidas forestais do novo PDR de Galicia.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 14 do G.P. Popular de Galicia).

53ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar traballando no reforzamento da diversificación produtiva e na ampliación da capacidade de dinamización socioeconómica nas zonas costeiras, especialmente nas áreas non urbanas, levando a cabo unha adaptación revisada dos plans estratéxicos de traballo e desenvolvemento dos grupos de acción costeira e reforzando o seu financiamento; a levar adiante unha planificación de mellora da xestión marisqueira de cara a actualizar e axilizar a explotación destes recursos; e a seguir avanzando na progresiva profesionalización da actividade, con especial fincapé na promoción dunha adecuación da normativa que regula a explotación dos recursos específicos e na adaptación e revisión da normativa de aplicación aos plans de explotación marisqueira, mellorando a axilidade e facilidade na súa formulación.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 15 do G.P. Popular de Galicia).

54ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar antes da fin de ano o Plan de diversificación industrial, co fin de adaptar o presente e o futuro da industria galega á nova realidade económica, orientado arredor de tres eixes:

— a diversificación dos sectores máis relevantes da nosa economía;

— a xeración de cadeas de valor completas en Galicia e

— o desenvolvemento daquelas actividades provedoras de tecnoloxías á industria, como pode ser a nanotecnoloxía, a biotecnoloxía, as TIC ou a fabricación avanzada.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 17 do G.P. Popular de Galicia).

55ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a actualizar o Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020, como documento que dea prioridade e obxectivo os investimentos nos sectores produtivos estratéxicos para Galicia pola súa capacidade de competir nos mercados exteriores e crear postos de traballo estables e de calidade.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 31 do G.P. Popular de Galicia).

56ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar afondando na elaboración de plans, accións e programas culturais que favorezan unha maior visibilidade do sector cultural galego e dos seus produtos e espectáculos, así como a reforzar o acceso igualitario por parte da cidadanía galega a unha oferta cultural plural e de calidade que contribúa ao reequilibrio territorial e a impulsar a difusión das manifestacións culturais galegas ao longo de todo o noso territorio.»

Aprobada por 37 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 32 do G.P. Popular de Galicia).

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na súa sesión do 10 de outubro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 27587 (09/PNC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector vitivinícola
BOPG nº 349, do 01.10.2014

Sométese a votación separada por puntos da iniciativa:

Punto 1: rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Punto 2: rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Punto 3: aprobado pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar a seguinte medida en relación coa situación do sector vitivinícola:

Que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta, á hora da súa resolución, que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima.»

Rexeitamento da iniciativa

- 26165 (09/PNC-002199)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

BOPG nº 335, do 05.09.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 8 de outubro de 2014, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

- 28276 - 17425 (09/PRE-005107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da demora e a data prevista para a publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012

BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 28273 - 17593 (09/PRE-005128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de liquidez do sector mexilloeiro para afrontar as obrigas económicas contraídas

BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 28274 - 18236 (09/PRE-005198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao

mantemento da planta de Freiremar, S.A., de Vigo, así como o seu emprego

BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 28279 - 18271 (09/PRE-005199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do papel que debe ter o Instituto Galego de Promoción Económica no futuro financeiro de Galicia, a incidencia no seu funcionamento dos recortes de fondos levados a cabo e a posibilidade da súa transformación nun instrumento financeiro público
BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 28248 - 18736 (09/PRE-005240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos

BOPG nº 237, do 13.02.2014

- 28251 - 18851 (09/PRE-005253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña
BOPG nº 237, do 13.02.2014

- 28269 - 19269 (09/PRE-005277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as razóns do non funcionamento do servizo de radioloxía no centro médico de Carballo para a atención das urxencias fóra do horario ordinario

BOPG nº 240, do 19.02.2014

- 28266 - 19585 (09/PRE-005298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a situación do sector industrial de Galicia e a evolución nel da afiliación á Seguridade Social

BOPG nº 246, do 27.02.2014

- 28264 - 20870 (09/PRE-005443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas da comunidade educativa do Colexio de Educación Infantil e Primaria Fernández Varela, da Pobra do Caramiñal, referidas ao arranxo das deficiencias que presentan as súas instalacións

BOPG nº 257, do 20.03.2014

- 28272 - 21027 (09/PRE-005467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova e o mantemento dos seus postos de traballo, así como o futuro previsto para esta empresa

BOPG nº 262, do 27.03.2014

- 28250 - 21115 (09/PRE-005476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre os datos referidos ás parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia dende a entrada en vigor da nova lexislación e a tramitación das solicitudes presentadas, así como a valoración do funcionamento dese banco de acordo cos resultados acadados

BOPG nº 262, do 27.03.2014

- 28278 - 21296 (09/PRE-005492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o despedimento de traballadores da empresa Infinita Renovables, do grupo Isolux, así como as previstas co fin de que a empresa Masol Iberia Biofuel, do grupo Musim Mas, garanta o futuro da planta de Ferrol e dos seus postos de traballo

BOPG nº 266, do 03.04.2014

- 28270 - 21362 (09/PRE-005495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre a formación e a contratación laboral do persoal de enfermaría especializado en saúde mental

BOPG nº 266, do 03.04.2014

- 28280 - 21434 (09/PRE-005504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración que realiza o Goberno galego respecto da aplicación dos fondos europeos

BOPG nº 266, do 03.04.2014

- 28254 - 21516 (09/PRE-005510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre os compromisos concretos do ente público Portos de Galicia para a dotación dun dique de abrigo ao porto de Aldán e os prazos e orzamento previstos para a súa execución, así como o establecemento de compensacións económicas para os propietarios das embarcacións afectadas polos temporais

BOPG nº 269, do 09.04.2014

- 28252 - 21518 (09/PRE-005511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural e do Mar da situación de estancamento en que se atopa a produción de ameixa xapónica en Galicia, as medidas previstas ao respecto, así como as adoptadas para a cobertura da demanda de semente, e a necesidade de diferenciar a cultivada en Galicia da procedente doutros lugares

BOPG nº 269, do 09.04.2014

- 28275 - 21609 (09/PRE-005518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego co fin de protexer o prezo do alugueiro dos novos contadores electrónicos de enerxía eléctrica con discriminación horaria e a posibilidade de telexestión para consumidores domésticos, para clientes con menos de 15 quilovatios

BOPG nº 269, do 09.04.2014

- 28253 - 21723 (09/PRE-005528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política da Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa escaseza de sardiña
BOPG nº 269, do 09.04.2014

- 28277 - 22294 (09/PRE-005623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o coñecemento e a autorización pola Xunta de Galicia do proxecto que está a tramitar unha empresa privada para o saneamento integral da cámara de captación de augas da burga Lume de Deus, da vila dos Baños de Cuntis, así como a súa valoración ao respecto
BOPG nº 283, do 05.05.2014

- 28271 - 22347 (09/PRE-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para asesorar e amparar os concellos nas súas reclamacións polo cobramento indebido da tarifa eléctrica, as razóns da non aplicación do convenio asinado pola Federación Galega de Municipios e Provincias ao respecto e o papel que vai desenvolver na súa defensa
BOPG nº 283, do 05.05.2014

- 28249 - 22372 (09/PRE-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o alcance do anuncio do Sr. presidente da Xunta de Galicia do mantemento dos recortes salariais aos empregados públicos e as previsións respecto do cumprimento do disposto na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, en relación coa súa revisión
BOPG nº 283, do 05.05.2014

- 28247 - 23111 (09/PRE-005693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre os datos referidos ás persoas beneficiarias e as axudas concedidas en cada unha das provincias galegas dende a posta en marcha do programa de gratuidade solidaria dos libros de texto, así como as previsións da Consellería de Cul-

tura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da súa implantación en soporte dixital
BOPG nº 291, do 15.05.2014

- 28263 - 24151 (09/PRE-005808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a denuncia da Mesa pola Normalización Lingüística referida á exclusión da lingua galega nas comunicacións ao profesorado e no formulario que remite a empresa contratada pola Xunta de Galicia para xestionar o programa PIALE, de aprendizaxe integral de linguas estranxeiras
BOPG nº 304, do 18.06.2014

- 28268 - 24201 (09/PRE-005819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as liñas de actuación que vai poner en marcha a Xunta de Galicia para cooperar na superación das dificultades que está a atravesar a empresa Tafisa
BOPG nº 304, do 18.06.2014

- 28267 - 24256 (09/PRE-005821)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a ampliación do crédito levada a cabo para as axudas de apoio ás iniciativas abertas de difusión, por valor de 390.000 euros
BOPG nº 307, do 25.06.2014

- 28075 - 16645 (09/PRE-005868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre os problemas ocasionados ás familias e empresas pola suba do recibo da luz

- 28076 - 16646 (09/PRE-005869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para paliar a pobreza enerxética

- 28077 - 16647 (09/PRE-005870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a suba abusiva do recibo da luz

- 28030 - 16847 (09/PRE-005880)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier
Sobre a declaración de ben de interese cultural do dique civil da Cabana, no concello de Ferrol

- 28041 - 16881 (09/PRE-005884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o control dos investimentos realizados polas compañías eléctricas

- 27956 - 16985 (09/PRE-005900)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel
Sobre o expediente de regulación de emprego da concesionaria das instalacións deportivas da Xunta na cidade da Coruña

- 27949 - 17006 (09/PRE-005904)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da segunda edición do Plan Renove para as cubertas de lousa

- 27934 - 17096 (09/PRE-005926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da situación da empresa Alimentos Lácteos

- 27943 - 17100 (09/PRE-005927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as obras de restauración e recuperación da lagoa e do humidal da Frouxeira, no concello de Valdoviño

- 28035 - 17162 (09/PRE-005934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co mantemento da titularidade pública de Renosa

- 28072 - 17263 (09/PRE-005957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o plan ou estratexia do Goberno galego para o sector naval

- 27931 - 17303 (09/PRE-005966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 6 máis
Sobre as medias previstas polo Goberno galego para o apoio do sector da fabricación de ataúdes na provincia de Ourense

- 28111 - 17378 (09/PRE-005971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do aproveitamento dos fondos europeos destinados a Galicia no período 2007-2013

- 28045 - 17400 (09/PRE-005976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis
Sobre a data prevista para o inicio das obras de desdobraemento do corredor do Morrazo

- 28049 - 17414 (09/PRE-005979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a información trasladada polo Servizo de Salvamento Marítimo ao Goberno galego en relación co sinistro da gabarra *Prima* o 13 de xaneiro de 2014

- 28080 - 17426 (09/PRE-005981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as razóns da demora na publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012

- 28036 - 17452 (09/PRE-005985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o abaratamento do solo industrial na comarca de Valdeorras

- 28050 - 17564 (09/PRE-006001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cancelación da celebración en Vigo da edición de 2015 da Feira Mundial da Pesca

- 27945 - 17635 (09/PRE-006011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación co estado de deterioración en que se atopa o mercado de Caranza, na cidade de Ferrol

- 27970 - 17638 (09/PRE-006012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre a actividade da Casa de Galicia en Madrid

- 28257 - 17645 (09/PRE-006013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico desenvolvido na sétima lexislatura

- 28051 - 17732 (09/PRE-006029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre os criterios defendidos polo Goberno galego nas negociacións mantidas en Madrid para a repartición de cotas das principais especies peláxicas, como a rincha, o xurelo ou o lirio, no Cantábrico noroeste para o ano 2014

- 27948 - 17912 (09/PRE-006052)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia en relación coa calidade do comercio galego

- 28033 - 17913 (09/PRE-006053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia en relación cos centros comerciais abertos

- 28052 - 17927 (09/PRE-006055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir unhas condicións de seguridade na atracada e no fondeo das embarcacións no porto de Laxe

- 27930 - 18040 (09/PRE-006071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do papel do Igape como principal axente da política económica de apoio ás empresas en Galicia

- 28054 - 18111 (09/PRE-006081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as negociacións mantidas en Madrid para a repartición das principais especies peláxicas

- 27938 - 18147 (09/PRE-006085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a presentación dun plan estratéxico de turismo en Galicia e a valoración polo Goberno galego dos resultados do turismo durante o ano 2013

- 27920 - 18237 (09/PRE-006096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Rodas Chapela, Daniel
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao mantemento da planta de Freiremar, S.A., de Vigo, así como o seu emprego

- 28071 - 18360 (09/PRE-006111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes de asinamento do convenio

- 28073 - 18361 (09/PRE-006112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes na actualidade de asinamento do convenio, as razóns da demora e o seu importe

- 28081 - 18362 (09/PRE-006113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o estado de execución e pagamento das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II

- 27921 - 18363 (09/PRE-006114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os convenios asinados para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II

- 27936 - 18565 (09/PRE-006124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a decisión do ente público Portos de Galicia de reducir o horario da iluminación nas instalacións portuarias da súa competencia

- 27958 - 18633 (09/PRE-006128)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o aforro económico derivado da supresión de seis días de libre disposición na función pública

- 28078 - 18637 (09/PRE-006129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a proposta do Goberno do Estado en materia de retribucións ás enerxías do réxime especial

- 28108 - 18737 (09/PRE-006139)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos

- 28055 - 18852 (09/PRE-006147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña

- 27937 - 19053 (09/PRE-006155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis
Sobre a invitación ao Concello de Vigo a participar en Fitur 2014

- 27974 - 19172 (09/PRE-006160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non acatar as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos

- 28104 - 19438 (09/PRE-006171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para defender as competencias de Galicia en materia deportiva

- 28079 - 19587 (09/PRE-006179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a evolución do sector industrial de Galicia en relación co resto dos sectores da economía galega dende a entrada do actual Goberno

- 28074 - 19592 (09/PRE-006181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das causas da forte perda de emprego no sector téxtil de Galicia

- 28039 - 19664 (09/PRE-006188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-208 no tramo comprendido entre Portonovo e A Lanzada, no concello de Sanxenxo

- 27922 - 19797 (09/PRE-006198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no monte Neme, no concello de Carballo

- 27944 - 20149 (09/PRE-006209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento dos requisitos para o nomeamento da presidencia de todos os parques naturais de Galicia

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

7 OUT. 2014

Núm. 28276



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as razóns da demora e a data prevista para a publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O balance dun ano non é posible publicalo antes do último trimestre do ano seguinte debido a que gran parte da información necesaria para a súa redacción non se recibe no Inega ata agosto, en condicións normais, e logo esa información é necesario revisala e tratala nos meses de setembro a decembro.

O Balance Enerxético do ano 2012 estaba finalizado en febreiro de 2014, pero non se presentou ao Consello ata abril de 2014, data da súa publicación na páxina web do Inega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17593**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de liquidez do sector mexilloeiro para afrontar as obrigas económicas contraídas”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Entre as medidas adoptadas por este departamento ante a paralización da actividade dos sector mexilloeiro, vense de publicar a orde do 6 de xuño de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas con carácter compensatorio aos produtores de moluscos pola suspensión temporal da colleita de moluscos cultivados durante o período de programación 2007/2013, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca nun 75%, e se convoca para o exercicio 2014 dito procedemento. Por tanto, efectivamente estanse a desenvolver axudas, tal e como foran comprometidas pola titular de Medio Rural e Mar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18236**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de liquidez do sector mexilloeiro para afrontar as obrigas económicas contraídas”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se trasladou no debate da pregunta 18238, que tivo lugar na sesión da Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 6 de febreiro, a Xunta de Galicia ten mantido unha intensa actividade de diálogo orientada a procurar que as instalacións puidesen manterse produtivas e ofrecendo postos de traballo para os traballadores afectados.

Nesta senso, representantes da Xunta mantiveron encontros con representantes dos traballadores e con directivos da propia empresa, para coñecer de preto a situación e para tratar de mediar na busca de alternativas de futuro, así como para esixir o respecto aos dereitos dos traballadores, de acordo coa resolución aprobada polo Parlamento de Galicia.


De feito, desde a Xunta de Galicia Nesta sempre se deixou clara a súa dispoñibilidade para considerar cantas iniciativas puidesen abrir unha vía de futuro para a planta galega de Freiremar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible. The text around the perimeter of the stamp includes "XUNTA DE GALICIA", "GOBERNADOR XERARDE ALONSO", "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS", and "CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN E PARTICIPACIÓN CÍVICA". A handwritten signature in black ink is written over the stamp and extends to the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 7 OUT. 2014

Núm. 28279



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18271**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do papel que debe ter o Instituto Galego de Promoción Económica no futuro financeiro de Galicia, a incidencia no seu funcionamento dos recortes de fondos levados a cabo e a posibilidade da súa transformación nun instrumento financeiro público”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Como principal instrumento público da Xunta de Galicia para o apoio á actividade empresarial, o Instituto Galego de Promoción Económica avalía, adecúa e reformula de xeito constante os seus servizos e liñas de axuda, para procurar que contribúan a atender mellor as cambiantes necesidades de demandas das empresas.

Consciente das dificultades das empresas para acceder ao financiamento bancario convencional, este ano o Igape impulsou, en colaboración co Instituto de Crédito Oficial (ICO) e coas entidades financeiras que operan en Galicia e outras institucións, un paquete de axudas financeiras para apoiar os investimentos, o emprendemento e o acceso á liquidez polas pemes.

As liñas articuladas en colaboración co ICO permitirán mobilizar en 2014 máis de 50 millóns de euros en préstamos con xuros bonificados para financiar investimentos de microempresas, emprendedores e Pemes.

Son instrumentos financeiros que, xunto cos medios propios de que dispón a Xunta a través do Igape e Xesgalicia, conforman o Programa Galicia 1000, preparado para apoiar conxuntamente un milleiro de proxectos empresariais e mobilizar 200 millóns de euros en investimentos.

O programa Galicia 1000 inclúe liñas pioneiras en Galicia como a de préstamos directos Igape-Jeremie, articulada logo das negociacións desenvolvidas pola Xunta diante de organismos comunitarios, na procura de novos fondos europeos –e unha vez rematado o anterior acordo co BEI– para o financiamento dos proxectos empresariais en Galicia.

Ademais, o Igape mantén convenios de colaboración coa Empresa Nacional de Innovación (ENISA) para cofinanciar, a través de Xesgalicia, investimentos en Galicia de emprendedores e proxectos tecnolóxicos.

E, por outra banda, o Igape subscribiu un convenio con Cofides para apoiar a expansión e a consolidación de empresas galegas en mercados internacionais.

De cara ó futuro, o obxectivo común destas actuacións é seguir mellorando no desenvolvemento das funcións encomendadas ao Igape co máximo rigor e do xeito máis eficiente, para seguir sendo o referente do tecido produtivo nos ámbitos da mellora da competitividade empresarial, da Internacionalización das empresas, da capacitación do capital humano das empresas e do seu financiamento.

Para desenvolver o seu labor, o Instituto seguirá a buscar recursos e cooperación en entidades e institucións, tanto públicas como privadas, que teñen entre as súas funcións a dinamización do tecido produtivo e o financiamento dos proxectos empresariais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18736**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos”**, (publicada no BOPG número 237, do 13 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a actuar ‘coa máis estrita legalidade’ na aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, aprobado polo Goberno do Estado e que estableceu a supresión da paga extra de decembro de 2012 no conxunto das administracións, incluída a Xunta.

Este real decreto-lei é unha norma ‘de alcance xeral para todos os empregados do sector público’, e polo tanto ‘de obrigado cumprimento’ para as distintas administracións, tanto a estatal como as autonómicas e as locais.

En canto ás sentenzas sobre esta cuestión, a Administración galega, dado o alcance xeral que ten o Real Decreto-Lei 20/2012, está a recorrer as sentenzas non firmes sobre esta cuestión.

Nos casos con sentenza firme a Administración pública a executará nos seus propios termos.

Actuar ao marxe do esgotamento dos recursos procesuais, é dicir, da vía de recurso que establece o ordenamento xurídico sería irresponsable por parte da administración.

Neste sentido se teñen plantexado cuestións de inconstitucionalidade diante do Tribunal Constitucional, como a que presentou a Audiencia Nacional. Isto suporá a suspensión das vistas fixadas en espera do pronunciamento do alto Tribunal.

O propio Tribunal Constitucional determinou a suspensión en abril de 2013 das disposicións do Goberno vasco sobre pago ao persoal desa comunidade da extra de 2012.

En numerosas ocasións o goberno galego destacou 'o importante esforzo esixido aos empregados públicos' co obxectivo de rebaixar o déficit público.

O propio Goberno galego non ten sido alleo ás rebaixas salariais aplicadas aos seus empregados e así o presidente da Xunta cobra na actualidade un 22% menos, mentres que os conselleiros e os directores xerais perciben un 17% e un 15% menos, respectivamente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18851**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña”**, (publicada no BOPG número 237, do 13 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás obras do peirao de O Con, producidas con motivo dos temporais do pasado inverno, deron comezo aos poucos días de producirse o derrubamento dun dos muros do antigo peirao. As obras foron rematadas no tempo previsto e ademais foi revisada o resto da estrutura do peirao para evitar as posibles fendas producidas polo mar neses días de temporal.

En canto ao compromiso de levar a cabo a construción de pantaláns neste porto para poder ordenar o amarre e atraque das embarcacións, hai que sinalar que nesta obra, que foi comprometida co sector profesional, non se deixou de traballar en ningún momento coa tramitación da dragaxe e vertedura do material que inclúe dito proxecto. Está xa na súa recta final, é dicir, xa co visto e prace dos informes realizados por outros departamentos, entre eles Patrimonio, Costas, Medio Ambiente e a propia Consellería do Medio Rural e do Mar, suporán que en breve se anuncie a licitación das obras do pantalán adicado ás embarcacións da 3ª e 4ª lista.


Por último, en canto á ampliación do peirao da Mosqueira, cos ensaios xeotécnicos realizados con posterioridade ao inicio das obras de ampliación do peirao para mexilloeiros na súa segunda fase no portos de Moaña, resultaron uns valores que concluíron que non era viable a construción do peirao mediante os métodos previstos no proxecto inicial. Por este motivo, foi necesaria a paralización das obras e o estudio dunha solución construtiva que permitira continuar coas obras proxectadas. A partires

dese momento, realizouse un estudio xeotécnico adicional que incluíu ensaios máis exhaustivos no mesmo lugar da obra. Se avalía como solución máis viable esta creación dun recheo e a colocación de pilotes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19269**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e dona María Soledad Soneira Tajés, sobre **“as razóns do non funcionamento do servizo de radioloxía no centro médico de Carballo para a atención das urxencias fóra do horario ordinario”**, (publicada no BOPG número 240, do 19 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende xullo de 2013 o Servizo Galego de Saúde ten dotado dun TER ao centro de saúde de Carballo en quenda de tarde, o cal ten permitido duplicar o horario de realización de probas radiolóxicas para a poboación da contorna, tanto para actuacións programadas coma urxentes. O número de probas indicadas en horario nocturno en ningún caso xustifica o seu funcionamento nese tramo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19585**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a situación do sector industrial de Galicia e a evolución nel da afiliación á Seguridade Social”**, (publicada no BOPG número 246, do 27 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En xuño, a industria galega superou en máis do dobre o incremento de afiliacións acadado no mes anterior, un comportamento que tamén se rexistrou en maio. Este crecemento progresivo da industria galega nos dous últimos meses podería indicar unha certa recuperación do sector e vai en consonancia cos datos de afiliación, cunha caída do paro rexistrado na industria nos meses de maio (1.423 desempregados menos) e xuño (1.590 menos).

A mellora do comportamento do sector secundario ven avalada pola Enquisa de Poboación (EPA) do segundo trimestre, que amosa un crecemento do 0,9% do número de ocupados en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20870**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona An Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas da comunidade educativa do Colexio de Educación Infantil e Primaria Fernández Varela, da Pobra do Caramiñal, referidas ao arranxo das deficiencias que presentan as súas instalacións”**, (publicada no BOPG número 257, do 20 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“Dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes e tendo en conta que a comunidade conta cun bo número de centros educativos de distinto tipo e tamaño, hai que sinalar que o centro Fernández Varela polo que se pregunta é actualmente unha Escola de Educación Infantil para rapaces do segundo ciclo destas ensinanzas e que, a mesma, foi obxecto de obras ante o inicio do curso 2014/15.

En concreto, máis de 27.000 euros foron investidos pola Consellería na reparación da cuberta do patio, o pavimento e o muro, ademais de na mellora e acondicionamento dun dos baños da escola infantil. A maiores, tal e como ten sido informado publicamente, o Concello da Pobra destinou uns 6.000 euros na construción do baño da segunda planta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is partially obscured by a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "CONSELLERÍA DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS" around the bottom. In the center of the stamp is the coat of arms of Galicia. The signature is written in black ink and extends from the left side of the stamp towards the right.

Blanca García-Senorans Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 21027, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova e o mantemento dos seus postos de traballo, así como o futuro previsto para esta empresa”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O contido da pregunta foi atendido na intervención do conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde López, con motivo do debate da Pregunta 21030 que tivo lugar na Sesión Plenaria de 9 de abril de 2014.

Nesta intervención trasladouse que a Xunta de Galicia non escatimou esforzos na procura de solucións de futuro para Pescanova, así como o feito de que o Goberno galego apostou desde o primeiro momento por actuar como catalizador da banca, mandando unha clara mensaxe de apoio á continuidade da firma e ó mantemento do emprego. A continuación informouse das accións desenvolvidas desde a Administración autonómica ao respecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21115**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“os datos referidos ás parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia dende a entrada en vigor da nova lexislación e a tramitación das solicitudes presentadas, así como a valoración do funcionamento dese banco de acordo cos resultados acadados”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar deu cumprida resposta á iniciativa na Comisión 7ª do pasado 27 de xuño de 2014, a través da intervención do Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Antonio Crespo Iglesias.

Dende a entrada en vigor da Lei de Mobilidade de Terras este banco incorporou máis de 1.672 hectáreas repartidas en algo máis de 2.750 parcelas.


O 100% destas incorporacións fixéronse con fins agrícolas, gandeiros ou silvopastoris e un 20% das fincas públicas poderían ser arrendadas con fins forestais, pero os criterios delimitados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural priorizan o seu uso agrícola/pecuario.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, como xa ten comentado en reiteradas ocasións considera que o Banco de Terras é un instrumento de vital importancia para o desenvolvemento da actividade agraria, e de aí a aposta en firme que se fixo polo mesmo coa aprobación da Lei 6/2011, de mobilidade de terras. Logo dos case que dous anos e medio da entrada en vigor desta Lei, dende a Consellería atopámonos satisfeitos e optimistas coa actuación do Banco de Terras e coa percepción que do mesmo esta tendo a nosa xente do sector agrícola-gandeiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is partially obscured by a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top, "GOBERNACIÓN" on the left, "RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS" on the right, and "SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN Y PUESTOS" at the bottom. The signature is written in black ink and extends from the left side of the stamp towards the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21296**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o despedimento de traballadores da empresa Infinita Renovables, do grupo Isolux, así como as previstas co fin de que a empresa Masol Iberia Biofuel, do grupo Musim Mas, garanta o futuro da planta de Ferrol e dos seus postos de traballo”**, (publicada no BOPG número 266, do 3 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A asignación dunha cota de produción de 300.000 TM, que coincide coa capacidade máxima da planta e que está en vigor desde o pasado 5 de maio, xunto coa alianza co grupo Indonesio Musim Mas, abriu novas esperanzas para a reactivación da actividade produtiva e o sostemento do emprego na planta construída por Infinita Renovables en Ferrol.

Precisamente, co obxectivo de abordar as expectativas de futuro desta factoría, tanto no referido á actividade como ao sostemento do emprego, representantes da Consellería de Economía e Industria teñen mantido contactos continuados tanto co comité de empresa de Masol Iberia en Galicia como coa dirección da empresa.


No mes de agosto a planta ferrolá de Biodiesel completou con éxito o inicio da produción, xerando tráfico portuarios de 5.000 toneladas de aceite refinado de palma que se recibiron o pasado mes de xullo, e a saída de 4.500 toneladas de biodiesel, resultantes do proceso de transformación nesta primeira fase da produción. Na segunda fase, estímase que o tráfico anual deste granel líquido chegará as 300.000 toneladas.

O Goberno galego manterá un seguimento directo da evolución da actividade, así como do referido ao sostemento de emprego nas instalacións de Infinita en Ferrol.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia. The text around the perimeter includes "XUNTA DE GALICIA", "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS", and "RESIDENCIA ADMINISTRATIVA". A signature is written across the stamp.

Blanca García-Señoráns Álvarez





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a formación e a contratación laboral do persoal de enfermaría especializado en saúde mental”**, (publicada no BOPG número 266, do 3 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No seo da mesa sectorial de sanidade acordouse a constitución dunha comisión técnica, con participación das organizacións sindicais con presenza na mesma, para o estudo e análise das creación das especialidades de enfermaría cara o establecemento dun calendario de creación, e a dotación das prazas e postos de traballo a crear nas diferentes especialidades, incluída a saúde mental, en función das necesidades da organización. Por parte da Administración presentouse un primeiro borrador, que está pendente de ser alegado polos sindicatos no prazo concedido ao efecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21434**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“a valoración que realiza o Goberno galego respecto da aplicación dos fondos europeos”**, (publicada no BOPG número 266, do 3 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente está en curso o deseño dunha nova programación comunitaria para o período 2014-2020, que intentará dar resposta aos obxectivos socioeconómicos da rexión e aos da Estratexia Europa 2020, dentro dos que se atopa o incentivo para a creación de novas empresas.

Para o próximo período Galicia terá que seguir facendo uso da súa experiencia como bo xestor dos fondos da política rexional ata o de agora, prepararse de cara ao horizonte 2020 e continuar mellorando o impacto das intervencións cofinanciadas e optimizando o emprego duns recursos decrecentes.

A intervención dos fondos estruturais e de investimento europeos en Galicia no período 2014-2020 é moi importante para seguir avanzando na converxencia con España e coa UE, gañando en competitividade e en creación de emprego, como instrumentos básicos para a consolidación da recuperación económica.

En liña coa Estratexia Europa 2020 temos deseñado unha programación axeitada ás nosas necesidades e prioridades nas áreas de actuación dos fondos FEDER e FSE, para seguir impulsando un modelo produtivo que, de acordo tamén coa estratexia de especialización intelixente RIS 3 definida para Galicia, permita un aumento da competitividade e sostibilidade, fomentando os sectores máis innovadores e intensivos


en coñecemento así como aqueles con potencial de crecemento, xerando emprego de maior produtividade e cualificación e adaptado as necesidades do mercado.

No proceso de programación temos posto en marcha o principio de asociación previsto no artigo 5 do Regulamento (UE) 1303/2013, involucrando aos xestores de fondos, aos axentes económicos e sociais e outros axentes clave para cada un dos principais obxectivos temáticos nos que se concentran as intervencións dos fondos, no transcurso de mesas de traballo e na difusión dos documentos de consulta pública, ademais da súa publicación na páxina web da Consellería de Facenda."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, specifically from the Consellería de Facenda. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "CONSELLERÍA DE FACENDA" at the bottom. In the center, there is a smaller emblem. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink.

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21516**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os compromisos concretos do ente público Portos de Galicia para a dotación dun dique de abrigo ao porto de Aldán e os prazos e orzamento previstos para a súa execución, así como o establecemento de compensacións económicas para os propietarios das embarcacións afectadas polos temporais”**, (publicada no BOPG número 269, do 9 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao porto de Aldán que, neste momento, e dado que non se poden facer estruturas fixas segundo os primeiros estudos, o tempo que suporía a tramitación dos informes correspondentes ante as distintas administracións e a dispoñibilidade orzamentaria, Portos de Galicia propón como alternativa a colocación dun dique aboiante. Esta é a posibilidade, que non supón compromiso do ente público, pero sí se compromete a instrumentar a zona donde se colocará a estrutura para analizar os valores que se reflicten dos resultados das medicións efectuadas.

En relación ao porto do Xufre, tal e como estaba previsto o dique aboiante do Xufre funcionou perfectamente desde a súa colocación na devandita dársena. Sobre a efectividade deste dique temos que dicir que, ademais, esta estrutura vén avalada polos resultados técnicos ofrecidos polos estudos realizados na zona. Trátase dun exemplo de aplicación de coñecementos derivados de I+D+i, avalados cientificamente, polo que Portos de Galicia confiou na súa efectividade operativa á hora de protexer á flota e darlle seguridade no interior do porto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21518**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e don Daniel Rodas Chapela, sobre “**a avaliación da Consellería do Medio Rural e do Mar da situación de estancamento na que se atopa a produción de ameixa xapónica en Galicia, as medidas previstas ao respecto, así como as adoptadas para a cobertura da demanda de semente, e a necesidade de diferenciar a cultivada en Galicia da procedente doutros lugares**”, (publicada no BOPG número 269, do 9 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Se ben é certo que a ameixa xapónica ten unha produción estable, ao redor de 2.000 toneladas/ano, dende o ano 2007, o que non é certo, a pesar do que di o grupo parlamentario do BNG, é que ‘*A ameixa xapónica (Ruditapes philippinarum)* é a principal especie de moluscos bivalvos que se cultiva no noso país’. E non o é nin en produción, o berberecho soe acadar entre as 3.500 e as 5.000 toneladas/ano, nin en ingresos, tanto a ameixa fina, como a babosa, xeran máis ingresos anuais que a ameixa xapónica. Ademais, a ameixa xaponesa é unha especie e foránea, a diferenza das outras dous especies que son autóctonas e teñen unha maior calidade e polo tanto, moito maior prezo no mercado.

Nos bancos marisqueiros intermareais, e nalgún submareal, esta especie convive coa ameixa fina e co berberecho, cos que compite polo espazo. A produción destes bancos está limitada pola capacidade de carga do sistema, e un incremento excesivo da biomasa dalgunha delas influiría inevitablemente na produción das outras dúas. Dependendo das condicións ambientais de cada banco, a especie de máis interese para as mariscadoras pode ser a ameixa fina, moito máis resistente as baixadas de salinidade, ou o berberecho con recrutamentos máis abundantes e crecemento máis rápido. Só en algún bancos,

principalmente as zonas rexeneradas, a ameixa xaponesa soe ser a preferida polas mariscadoras para sementar, sobre todo pola facilidade de comprar semente producida en criadeiro e a reducida mortalidade natural.

Polo que respecta á produción de semente para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, sinalar que a produción de semente é realizada basicamente por criadeiros privados, non obstante, con frecuencia os centros de investigación da Consellería do Medio Rural e do Mar ofrecen gratuitamente ao sector pequenas cantidades de semente producida nas súas instalacións. As entidades marisqueiras compran habitualmente semente para engordar nas súas autorizacións. Cando sementan nas zonas rexeneradas que previamente tiñan problemas de perda de produción, mercan a semente mediante axudas recibidas da administración pesqueira a través dunha orde de axudas que se convoca anualmente.

En cando á necesidade de diferenciar a ameixa xapónica cultivada en Galicia da procedente doutros países, temos que sinalar que o REAL DECRETO 121/2004, do 23 de xaneiro, sobre a identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo vivos, frescos, refrixerados ou cocidos, obriga no seu artigo 4º que os produtos pesqueiros vivos, frescos, refrixerados ou cocidos, deberán levar no envase e/ou embalaxe correspondente, ou nos pallets, nun lugar ben visible, unha etiqueta cuxo contido deberá contar, entre outros campos, a zona de captura ou cría. É por iso que a ameixa xapónica procedente de cultivo de Italia deberá contar coa lenda 'Criado en Italia'. Se pola contra procedese da extracción no medio natural deberá contar coa lenda 'Zona de captura: FAO 37' que corresponde ao Mediterráneo.

ANEXO II RD 121/2004

ZONAS DE CAPTURA E CRÍA



NOME DA ZONA DE CAPTURA	DEFINICIÓN DA ZONA
Atlántico Noroeste	Zona FAO nº 21
Atlántico Noreste	Zona FAO nº 27
Mar Báltico	Zona FAO nº 27, III d
Atlántico Centro-Oeste	Zona FAO nº 31
Atlántico Centro-Este	Zona FAO nº 34
Atlántico Suroeste	Zona FAO nº 41
Atlántico Sureste	Zona FAO nº 47
Mar Mediterráneo	Zona FAO nº 37.1, 37.2 e 37.3
Mar Negro	Zona FAO nº 37.4
Océano Índico	Zona FAO nº 51 e 57
Océano Pacífico	Zona FAO nº 61, 67, 71, 77, 81 e 87
Antártico	Zona FAO nº 48, 58 e 88

É por iso que a consellería está a desenvolver a marca de calidade ‘pescadeRías de onde senón’ co obxectivo de diferenciar o produto da pesca artesanal, incluído o marisqueo. A marca ampara os produtos que cumpran con:

- Orixe galega
- Da pesca artesanal
- Tempo de desembarco dende a súa captura non superior ás 24 horas.
- Uns estándares de calidade mínimos


O obxectivo desta marca é:

- Diferenciación dos nosos produtos no mercado
- Control sobre a comercialización
- Mellora a xestión dos nosos recursos
- Incrementa a autoestima e o nivel de vida dos nosos pescadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible. The text around the perimeter of the stamp includes "XUNTA DE GALICIA", "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS", and "CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA Y PARTICIPACIÓN CÍVICA". In the center of the stamp is the coat of arms of Galicia. A handwritten signature in black ink is written over the stamp and extends to the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21609**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego co fin de protexer o prezo do alugueiro dos novos contadores electrónicos de enerxía eléctrica con discriminación horaria e posibilidade de telexestión para consumidores domésticos, para clientes con menos de 15 quilovatios”**, (publicada no BOPG número 269, do 9 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O prezo de aluguer dos contadores ven na actualidade regulado na Disposición transitoria única da Orde IET/1491/2013, da 1 de agosto, pola que se revisan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para a súa aplicación a partir de agosto de 2013, e pola que se revisan determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial para o segundo trimestre de 2013.

Esta disposición indica que ata que se aprobe o prezo definitivo dos contadores electrónicos con base no informe da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao que se refire a disposición adicional única da dita orde, o prezo medio do aluguer dos contadores electrónicos será o seguinte:


- a) Contadores electrónicos monofásicos con discriminación horaria e con posibilidade de telexestión para consumidores domésticos, considerando non só o prezo do propio equipo senón tamén os custos asociados á súa instalación e operación e mantemento destes (incluídos os custos asociados á verificación): 0,81 euros/mes.
- b) Contadores electrónicos trifásicos con discriminación horaria e con posibilidade de telexestión para consumidores domésticos, considerando non só o prezo do propio equipo senón tamén os custos asociados á súa instalación e operación e mantemento destes (incluídos os custos asociados á verificación): 1,36 euros/mes.

O goberno Galego protexerá aos consumidores supervisando que o prezo aplicado no recibo sexa o regulado e iniciando, no caso de que non fora así, os correspondentes expedientes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21723**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“a política da Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa escaseza de sardiña”**, (publicada no BOPG número 269, do 9 de abril de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Sobre este asunto o señor deputado pode consultar a resposta dada polo secretario xeral do Mar na Comisión 8ª do 9 de xullo de 2014, a través da iniciativa 21725.

Este departamento e o sector do cerco traballan na elaboración dun Plan de Xestión Plurianual da pesqueira da sardiña co obxectivo de determinar as medidas técnicas necesarias para a conservación desta especie e garantir o desenvolvemento socioeconómico vinculado a súa explotación. Para a elaboración deste plan xa se realizaron dúas reunións da Comisión Sectorial do Cerco do Consello Galego de Pesca.

Ademais, coa finalidade de dar o suficiente apoio a proposta de plan de xestión que se está a elaborar a Consellería xestionou a emisión de dous informes técnicos e encargou un estudo do impacto socioeconómico da pesqueira da sardiña nos portos galegos.

Tanto o sector como a administración galega consideran que o establecemento dun TAC altamente restritivo para a sardiña ocasionaría grandes prexuízos á frota galega do cerco, altamente dependente desta especie e tamén á industria da conserva e semiconserva vinculada a esta especie.

En relación ao stock da sardiña, se caracteriza por unha gran variación interanual e esta fluctuación é debida a que os recrutamentos teñen unha elevada dependencia das condicións ambientais e oceanográficas. Neste sentido, as medidas técnicas a adoptar para recuperar o stock da especie deben ir orientadas non só á restrición da capacidade de pesca, pois tamén é

determinante o efecto dos factores ambientais, tanto no recrutamento coma no abundancia desta especie. Ademais, o stock ibérico da sardiña atinxe ademais de á frota galega, á asturiana, cántabra e vasca e tamén á portuguesa e andaluza. Polo tanto, calquera medida a adoptar deberá facerse de xeito coordinado entre todas estas frotas.


Non obstante, Portugal estableceu de xeito unilateral o seu propio plan de xestión no que se reserva, en base a dereitos históricos, un 70% do total de capturas admisibles. Esta proposta é rexeitada polas Administracións españolas e as distintas frotas que inciden na pesqueira da sardiña en augas ibéricas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible. The text around the perimeter includes "XUNTA DE GALICIA" at the top and "CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN E PARLAMENTO" at the bottom. In the center is the coat of arms of Galicia. A handwritten signature in black ink is written over the stamp and extends to the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22294**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o coñecemento e a autorización pola Xunta de Galicia do proxecto que está a tramitar unha empresa privada para o saneamento integral da cámara de captación de augas da burga Lume de Deus, da vila dos Baños de Cuntis, así como a súa valoración ao respecto”**, (publicada no BOPG número 283, do 5 de maio de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O contido das preguntas foi atendido na intervención do director xeral de Enerxías Minas, Ángel Bernardo Tahoces, con motivo do debate da Pregunta 22206 que tivo lugar na sesión de 4 de xuño da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Estas explicacións pódense consultar no arquivo audiovisual do Parlamento de Galicia, concretamente na URL:

<http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?wmv=0000008665V-002-100kb.wmv&timecode=01:30:24&duration=00:21:16&idVid=C2825392.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22347**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para asesorar e amparar os concellos nas súas reclamacións polo cobramento indevido da tarifa eléctrica, as razóns da non aplicación do convenio asinado pola Federación Galega de Municipios e Provincias ao respecto e o papel que vai desenvolver na súa defensa”**, (publicada no BOPG número 283, do 5 de maio de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O contido da pregunta foi atendido na intervención da directora xeral de Comercio, Sol María Vázquez Abeal, con motivo do debate da pregunta 22343 que tivo lugar na sesión de 4 de xuño da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Durante esta explicouse que a Xunta de Galicia, e especialmente a Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Consumo e do Instituto Enerxético de Galicia, amosou dende o primeiro momento a súa preocupación polo tema da facturación eléctrica non só dos concellos de Galicia, senón de todos os galegos e galegas, afectados tamén polas dúbidas existentes en relación ao recibo eléctrico.

Igualmente, ofreceuse información detallada sobre as actuacións levadas a cabo na tramitación das reclamacións efectuadas polos concellos - procedendo á apertura de expedientes sancionadores que na actualidade se atopan en tramitación -, así como nos eidos da divulgación, información, asesoramento e formación. Explicáronse tamén as axudas económicas para que os concellos optimicen a eficiencia enerxética e o aforro (iluminación pública exterior) cunha orde de axudas dotada de 3 M€.


Por último, trasladouse que ás medidas anteriores se suma a total colaboración tanto do IGC como do INEGA, e en definitiva da Consellería de Economía e Industria, coa FEGAMP, coa que se ten asinado un convenio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias





Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22372**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o alcance do anuncio do Sr. presidente da Xunta de Galicia do mantemento dos recortes salariais aos empregados públicos e as previsións respecto do cumprimento do disposto na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, en relación coa súa revisión”**, (publicada no BOPG número 283, do 5 de maio de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego reconece o esforzo que teñen realizado o colectivo dos empregados públicos, ante un contexto de extraordinaria dificultade económica, caracterizado pola forte caída dos ingresos e que obrigou á Xunta de Galicia a facer un esforzo continuado de redución do gasto para garantir a sostibilidade dos servizos públicos básicos.

Coa colaboración dos traballadores públicos, Galicia foi quen de apostar claramente nestes últimos anos polo mantemento dos servizos sociais, sanitarios e pola educación, pero tamén o fixo decididamente pola contención do déficit. E a Xunta apostou tamén por mellorar a estabilidade dos empregados públicos, a través de medidas como os concursos de traslados.


O Presidente da Xunta de Galicia manifestou que neste momento non está enriba da mesa a recuperación da totalidade da paga extra.

Eses sacrificios seguen sendo necesarios para manter é priorizar o emprego público. Galicia é unha das CCAA que menos reduciu o número de empregados públicos nos dous últimos anos e preferimos manter ese emprego público a baixalo e despedir empregados públicos para manter as retribucións e non reducir xornadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is partially obscured by a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN E PARLAMENTO" at the bottom. The signature is written in black ink and extends to the right of the stamp.

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ás persoas beneficiarias e as axudas concedidas en cada unha das provincias galegas dende a posta en marcha do programa de gratuidade solidaria dos libros de texto, así como as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da súa implantación en soporte dixital”**, (publicada no BOPG número 291, do 15 de maio de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Respecto dos comentarios e críticas referidos ao modelo de axudas de gratuidade solidaria dos libros de texto, lembramos que a Consellería ten manifestado en reiteradas ocasións que o programa facilitou a adquisición deste material ás familias que máis o precisaban por contar con menos recursos.

De feito, en relación coa interese amosado nesta e noutras preguntas, remitímonos á información que foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral ás con número 17430 e 23110, debatidas na Comisión 4ª de datas 03/04/2014 e 05/06/2014. E a información pode complementarse co explicado tamén na resposta á 23194, sometida a debate no Pleno de datas 25-26/06/2014.

Hai que sinalar que a Administración educativa non fixa nin elixe os libros de texto a empregar, nin no formato impreso nin no dixital. O uso deste material non é obrigatorio, e que ademais quen decide se hai libros de texto ou non é cada centro educativo. En concreto, en Primaria cada equipo docente e en Secundaria cada departamento.

Dito o anterior, a Consellería xa deu pasos para introducir, a través dun contorno educativo dixital, unha oferta de material educativo dixital para cumprir o dobre obxectivo de facilitar ás familias o acceso ás TIC e a unha máis doada renovación do material co que estudan os seus fillos.

O novo proxecto de plataforma de contidos curriculares educativos dixitais, E-DIXIGAL, implantarase no curso 2014/2015 en 84 centros educativos de toda Galicia, que participan voluntariamente. En concreto, 1 de cada 3 centros públicos Abalar de Primaria será beneficiario do novo programa.

Permitirá avanzar cara unha educación totalmente dixital facilitando o acceso gratuíto, ilimitado e sen custe para as familias e sen necesidade de conectividade a todos os contidos do currículo de cada nivel educativo.


O número de centros e estudantes participantes neste primeiro ano de implantación do proxecto supera amplamente a previsión inicial. Non en balde, estímase que a iniciativa chegará xa este próximo ano académico a 3.500 alumnas e alumnos de 5º de Primaria, fronte aos 2.500 previstos nun primeiro momento. O obxectivo é que este proxecto chegue a 22.500 alumnas e alumnos no período 2014-2017.

Así pois, o nivel de cobertura que acada o actual sistema de axudas para a adquisición de libros de texto é significativo e está entre os máis altos do Estado garantido en todo caso a protección das familias con niveis de renda máis baixos; ademais, a diversificación de instrumentos (creación de bancos de libros, portal espazo Abalar, proxecto E-DIXIGAL...), permiten aproveitar o mellor de cada un dos utilizados, obtendo o máximo rendemento educativo ao custo máis óptimo posible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24151**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona An Belén Pontón Mondelo, sobre **"a denuncia da Mesa pola Normalización Lingüística referida á exclusión da lingua galega nas comunicacións ao profesorado e no formulario que remite a empresa contratada pola Xunta de Galicia para xestionar o programa PIALE, de aprendizaxe integral de linguas estranxeiras"**, (publicada no BOPG número 304, do 18 de xuño de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Administración educativa galega vén convocando actividades formativas no estranxeiro para o profesorado desde o ano 1997, co obxecto de que este acade unha adecuada competencia lingüística e comunicativa. Neste marco existe unha convocatoria de prazas para formación do profesorado para a mellora das competencias nas correspondentes linguas estranxeiras, o programa PIALE (Programa Integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras). Froito do orzamento asociado a estas actividades formativas, así como na busca dun correcto desenvolvemento deste programa e da transparencia do proceso de contratación, convócase cada ano un concurso público distribuído en lotes en función dos destinos de cada actividade (Reino Unido, Francia, Alemaña, Portugal e Canadá).

Este concurso permite, como acontece en todos os concursos destas características, que se presenten empresas galegas, españolas ou mesmo estranxeiras. As empresas que resultaron adxudicatarias neste concurso, xa foran adxudicatarias en concursos de edicións anteriores do programa PIALE ou da convocatoria de actividades formativas no estranxeiro e polo tanto de contrastada experiencia.

As empresas adxudicatarias, ademais de empregar as linguas cooficiais, envían boa parte da documentación ao profesorado admitido, na lingua obxecto de estudo (inglés, francés, alemán ou portugués), xa que se trata de documentación dos centros educativos nos que se van desenvolver as actividades formativas, ou mesmo información que demandan as entidades estranxeiras onde vai estar o profesorado.

Cando se ten detectado algunha incidencia en relación co uso das linguas –circunstancia que, en todo caso, pode ser puntual--, a Consellería ponse en contacto coas empresas para tratar de verificar a situación e, de ser o caso, demandar que sexa arraxada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24201**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as liñas de actuación que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para cooperar na superación das dificultades que está a atravesar a empresa TAFISA”**, (publicada no BOPG número 304, do 18 de xuño de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se trasladou no debate da Proposición non de Lei 24200, que tivo lugar na sesión da Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do pasado 11 de xullo, a Xunta de Galicia ten establecido un diálogo permanente coa empresa e os traballadores na procura de solucións que dean viabilidade futura á planta de Ponte Caldelas.

Neste senso, o Goberno galego mantén a súa disposición de colaborar no propósito de conseguir que a dirección de Tafisa elabore un plan de negocio que sirva como base para a localización de potenciais inversores interesados en recuperar a actividade e o emprego na instalación da compañía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

- 7 OUT. 2014

Num

28267



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24256**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“a ampliación do crédito levada a cabo para as axudas de apoio ás iniciativas abertas de difusión, por valor de 390.000 euros”**, (publicada no BOPG número 307, do 25 de xuño de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O apoio á internacionalización das empresas galegas é unha liña de actuación do Eixe de dinamización económica, crecemento e emprego, contido no Plan Estratéxico de Galicia para o período 2010-2014 horizonte 2020. Esta prioridade responde a que o Goberno galego cree no potencial das empresas galegas e así o confirman os datos: 6.400 firmas galegas venden na actualidade os seus produtos fóra e estas representan o 33 por cento do PIB autonómico.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) dedica 20 millóns de euros ao apoio á internacionalización das empresas galegas no presente exercicio, ao igual que no 2013, e as axudas ás iniciativas abertas de difusión cumpren unha función importante a prol da colaboración e cooperación interempresarial. Así mesmo, convén sinalar que estas axudas están conфинanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013.

A ampliación da partida orzamentaria destinada a axudas de apoio a iniciativas abertas de difusión ata 500.000 responde ao obxectivo de tratar de dar resposta á ampla demanda de axuda á convocatoria competitiva lanzada para o exercicio 2014, tal e como se explica na Resolución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16645**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“os problemas ocasionados ás familias e empresas pola suba do recibo da luz”**, (publicada no BOPG número 226 do 21 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é consciente que o importe da factura eléctrica incrementouse considerablemente nos últimos anos debido principalmente ao aumento dos custos fixos derivados do déficit de tarifa que se inclúen na factura eléctrica. Este feito, unido ao contexto económico actual, dá lugar a que moitas familias non teñan posibilidades económicas para o pagamento da cantidade de enerxía suficiente para cubrir as súas necesidades básicas.

Ante este contexto, o Goberno galego creou o ticket eléctrico social de Galicia, destinado ás familias en que convivan fillos menores de 18 anos e que teñan uns ingresos totais da unidade de convivencia non superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Neste contexto, poden beneficiarse desta axuda preto de 14.000 familias, que verán facilitado o seu acceso á enerxía eléctrica.

O ticket eléctrico social de Galicia completa deste modo o bono social que establece a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico que se aplica aos consumidores vulnerables. Estas medidas, xunto aos beneficios do actual PVPC (Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor), poden implicar aforros de ata un 40%.”


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16646**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para paliar a pobreza enerxética”**, (publicada no BOPG número 226 do 21 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é consciente que o importe da factura eléctrica incrementouse considerablemente nos últimos anos debido principalmente ao aumento dos custos fixos derivados do déficit de tarifa que se inclúen na factura eléctrica. Este feito, unido ao contexto económico actual, dá lugar a que moitas familias non teñan posibilidades económicas para o pagamento da cantidade de enerxía suficiente para cubrir as súas necesidades básicas.

Ante este contexto, o Goberno galego creou o ticket eléctrico social de Galicia, destinado ás familias en que convivan fillos menores de 18 anos e que teñan uns ingresos totais da unidade de convivencia non superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Neste contexto, poden beneficiarse desta axuda preto de 14.000 familias, que verán facilitado o seu acceso á enerxía eléctrica.

O ticket eléctrico social de Galicia completa deste modo o bono social que establece a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico que se aplica aos consumidores vulnerables. Estas medidas, xunto aos beneficios do actual PVPC (Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor), poden implicar aforros de ata un 40%.”


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16647**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a suba abusiva do recibo da luz”**, (publicada no BOPG número 226 do 21 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é consciente que o importe da factura eléctrica incrementouse considerablemente nos últimos anos debido principalmente ao aumento dos custos fixos derivados do déficit de tarifa que se inclúen na factura eléctrica. Este feito, unido ao contexto económico actual, dá lugar a que moitas familias non teñan posibilidades económicas para o pagamento da cantidade de enerxía suficiente para cubrir as súas necesidades básicas.

Ante este contexto, o Goberno galego creou o ticket eléctrico social de Galicia, destinado ás familias en que convivan fillos menores de 18 anos e que teñan uns ingresos totais da unidade de convivencia non superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Neste contexto, poden beneficiarse desta axuda preto de 14.000 familias, que verán facilitado o seu acceso á enerxía eléctrica.

O ticket eléctrico social de Galicia completa deste modo o bono social que establece a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico que se aplica aos consumidores vulnerables. Estas medidas, xunto aos beneficios do actual PVPC (Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor), poden implicar aforros de ata un 40%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca Gómez-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16847**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don José Javier Ron Fernández, sobre **“a declaración de ben de interese cultural do dique civil da Cabana, no concello de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traballa sempre con todos os recursos técnicos e orzamentarios ao seu alcance para tratar de garantir a protección dos bens que integran o patrimonio cultural galego, colaborando no desenvolvemento deste importante labor -sempre na medida das súas disponibilidades- coas demais Administracións públicas con responsabilidade na materia e cos propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre os bens que o integran.

Así mesmo, no que respecta á declaración como ben de interese cultural, cómpre sinalar que a declaración como tal daqueles bens mobles, inmoables ou inmateriais que gocen dun carácter sobranceiro que os faga destacar sobre o resto, enmárcase no esforzo prioritario que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural está a acometer coa finalidade de velar polas máximas garantías da súa protección, conservación, posta en valor e difusión, e que ten permitido a declaración como tal de múltiples bens senlleiros do patrimonio galego en concellos das catro provincias galegas ao longo dos últimos anos.

Neste marco xeral de actuación e no que atinxe á declaración como ben de interese cultural do elemento patrimonial referido, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é o organismo encargado de avaliar a procedencia da incoación do expediente que permita, no seu caso, a declaración como ben de interese cultural daqueles bens que precisen de declaración expresa e contén cos valores acreditados, a importancia cultural e o carácter sobranceiro que a

vixente lexislación esixe para poder proceder á súa inclusión nesta máxima categoría de protección, no caso de que non gocen xa da mesma; procedemento que, de ser o caso, debe axustarse, como é habitual, aos pasos e prazos expresamente previstos ao efecto na lexislación vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias




Patricia García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 16881, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o control dos investimentos realizados polas compañías eléctricas”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación dos plan de investimentos de empresas distribuidoras, que por primeira vez se realizaba en Galicia, cando a aprobación dos devanditos plans era obrigatoria xa durante a etapa do bipartito e nunca foron aprobados por aquel goberno, tiña un obxectivo moi claro: dar a información. Dar información do previsto polas empresas distribuidoras en Galicia para que todos os potenciais solicitantes dunha subministración eléctrica coñecesen a devandita información, é dicir, realizouse un esforzo enorme por parte da Consellería e os seus funcionarios para proporcionar esa información a empresas, particulares e administracións públicas. Polo tanto se pode afirmar que na anterior lexislatura é cando comezou o verdadeiro control as empresas distribuidoras a través da aprobación de ditos plans de investimentos e a súa publicación pormenorizada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16985**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre **"o expediente de regulación de emprego da concesionaria das instalacións deportivas da Xunta na cidade da Coruña"**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"Respecto das cuestións formuladas na iniciativa 16985, apuntar que non se ten producido ERE de extinción nas referidas instalacións e que, en todo caso, as facultades de intervención quedan limitadas ás establecidas no réxime de intervención existente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álavarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17006**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego da segunda edición do Plan Renove para as cubertas de lousa”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A valoración do chamado segundo Plan de Renove de cubertas con lousa, levado a cabo o pasado exercicio, é moi positivo. No marco da Orde do 13 de xuño de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan esta axudas (IN314A), presentáronse 144 solicitudes das cales 79 foron beneficiadas destas axudas por importe de 400.631,52 €.

Co outorgamento deste tipo de axudas faise posible a renovación das cubertas con lousa, favorecendo non só aos beneficiarios directos, senón tamén ao sector da construción e aos produtores de lousa (estímase que o importe que move esta convocatoria e de 1,5 millóns de euros), contribuíndo a mellorar a eficiencia enerxética destas vivendas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17096**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e varios/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da situación da empresa Alimentos Lácteos”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Alimentos Lácteos contaba cun plan de negocio viable, así como co compromiso dos produtores agrupados para achegar a materia prima necesaria; pero, a pesar dos esforzos da Xunta de Galicia e da maioría das cooperativas, o proxecto non puido consolidarse, principalmente pola inadecuada xestión dos administradores.

A Xunta levou a cabo un seguimento da evolución do citado plan de negocio, procurando e demandando a aplicación de medidas correctoras para evitar desviacións que poderían dificultar a viabilidade futura.

Do mesmo xeito, a Administración autonómica impulsou xestións para tratar de lograr a incorporación dun socio industrial que puidese garantir solucións de futuro para Alimentos Lácteos; iniciativa que, finalmente, non puido levarse a cabo pola propia situación da compañía.

En todo caso, o Goberno Galego ten promovido, e seguirá a promover, iniciativas tendentes a facilitar a consolidación de grupos de base cooperativa máis sólidos e estables na nosa comunidade, especialmente necesarios no sector lácteo.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
2 OUT. 2014
Núm. 27943

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 1 OUT. 2014
SAIDA
Num. 2613

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17100** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as obras de restauración e recuperación da lagoa e do humidal da Frouxeira, no concello de Valdoviño”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“As obras de restauración e recuperación da lagoa e do areal de Valdoviño, virán definidas, se procede, no Plan de Conservación do espazo protexido que se está a tramitar.

Neste plan valoraranse todos os aspectos ambientais en sintonía cos obxectivos de conservación do espazo e avaliarase a súa integración cos criterios de sustentabilidade, cara a súa consideración na elaboración do documento definitivo do plan, que se aprobará por Decreto do Consello da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias





Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17162**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis , sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co mantemento da titularidade pública de Renosa”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se sinala na exposición da pregunta, a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) era a propietaria do 100% do capital social da empresa Remolcadores do Noroeste (Renosa), que realiza actividades de remolque no Porto de Ferrol mediante a súa participación, nun 13,5%, na UTE concesionaria do servizo de remolcadores do devandito porto.

O 4 de xullo de 2014, o Consello de Ministros aprobou un acordo polo que se autorizaba a SEPI para que procedese á venda das accións ao consorcio formado polas outras empresas participantes na UTE - Remolcadores Ferrolanos, S.A. (Refesa), Sertosa Norte S.L. e Remolcadores Marracoi S.L -, tras un ditame favorable do Consello Consultivo de Privatizacións respecto ao cumprimento dos principios de publicidade, transparencia e concorrência no proceso de privatización, emitido o 8 de abril de 2014.

Finalmente, o 28 de xullo de 2014, celebrouse a firma a escritura de elevación a público do contrato privado de compravenda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17263**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“o plan ou estratexia do Goberno galego para o sector naval”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde López, con motivo da Comparecencia 21836 que tivo lugar na Sesión Plenaria do pasado 25 de xuño.

A transcripción está publicada no Diario de Sesións do Parlamento de Galicia número 71, páxinas 24 a 46. Alí se pode seguir todo o decurso do debate sobre o tema de referencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Francisco García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17303**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medias previstas polo Goberno galego para o apoio do sector da fabricación de ataúdes na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A innovación e a mellora continua son fundamentais para que as empresas poidan ser competitivas nun mercado concreto e, tamén, a nivel global. Esta é a razón pola que a Consellería de Economía e Industria, principalmente a través de Gain e do Igape, habilita programas de apoio e servizos avanzados para procurar que as empresas galegas avancen por este camiño.

En representación do Goberno galego, o director xeral do Igape e o delegado da Xunta de Galicia en Ourense mantiveron un encontro con empresarios de fabricación de ataúdes para coñecer ás súas problemáticas sectoriais, en concreto ás referidas ás súas dificultades para facer fronte a competencia exterior, especialmente á procedente de China.

Os representantes transmitíronlles a conveniencia de engadir elementos diferenciais aos seus produtos, sumando valor engadido mediante ferramentas de deseño, imaxe a marca, ao tempo que informaron sobre os servizos e instrumentos de apoio que a Administración autonómica pon a disposición do tecido empresarial.”





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e varios/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do aproveitamento dos fondos europeos destinados a Galicia no período 2007-2013”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O período de elixibilidade do marco financeiro non remata ata o 31 de decembro de 2015, de acordo coa regra n+2, polo tanto, iso quere dicir que aínda temos case ano e medio por diante para executar os fondos do período 2007-2013.

A dinámica de traballo da Xunta de Galicia é a de optimizar a execución dos fondos europeos e poder obter o nivel máximo de axuda asignada. Isto significa que estamos a poñer os medios e recursos necesarios para que non se produzan perdas de axudas procedentes da Unión Europea.

Para o goberno galego é fundamental o bo uso de estes fondos e que a execución dos mesmos réxese polo criterio da eficacia na súa xestión.


Os programas rexionais de FEDER e FSE de Galicia veñen cumprindo ata o de agora a regra n+2, o que significa que non se perdeu ningún fondo por falta de ou retrasos na execución dos programas. O cumprimento da regra n+2 podemos facelo extensivo tamén aos fondos sectoriais FEADER e FEP.

O nivel de execución en termos globais vai en liña coa media das intervencións dos fondos estruturais, como así o manifestou o Comisario Europeo de Política rexional na súa última visita a Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia. The outer ring contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS" at the bottom. In the center is a smaller square stamp with the Galician coat of arms. A handwritten signature in black ink is written across the circular stamp.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17400**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“a data prevista para o inicio das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo.”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O 12 xullo de 2012 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou o Plan Viario da Península do Morrazo, que establece os obxectivos prioritarios para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria na comarca. As principais actuacións incluídas no plan antedito son o desdoblamento (conversión en autovía) do Corredor do Morrazo e as variantes de Cangas e Moaña. A aprobación definitiva do plan foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de abril (resolución do 8 de abril de 2013).

O 30 de abril publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado da conversión en autovía do corredor do Morrazo (CG-4.1).

Tendo en conta a situación económica actual, que obriga á priorización de investimentos, e co obxectivo de facer viable a execución desta infraestrutura imprescindible, decidiuse dividir a actuación en tres subtreitos, iniciándose os traballos polo subtreito de 3,25 Km comprendido entre Rande (PK 0+000) e o enlace a Domaio (PK 3+250).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), licitou a redacción do proxecto de construción para o desdoblamento deste primeiro subtreito mediante a resolución da AXI do 30-04-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia do 08-05-2013. O contrato foi adxudicado o 06-08-2013 á empresa

Enmacosa S.A., por 333.007 €, cun prazo de execución de 18 meses (data sinatura do contrato: 11-09-2013; remate contractual: 11-03-2015).

No Diario Oficial de Galicia do 29-05-2013 publicouse a Resolución da AXI do 22-05-2013 pola que se anunciaba a licitación do contrato de servizo para a redacción do proxecto de construción do subtreito II, PPKK 3+250 - 7+300, adxudicándose este contrato o 24 de setembro de 2013, por importe de 226.205,62 € e un prazo de execución de 18 meses.

A licitación do contrato de servizo para a redacción do proxecto de construción do subtreito III, PPKK 7+300 - 11+150, foi publicada no DOG do 7 de agosto de 2013. Este contrato foi adxudicado o 13 de decembro 2013, por importe de 213.799,29 € e un prazo de execución de 18 meses.

A Xunta considera fundamental converter o corredor do Morrazo en autovía para reducir os problemas de capacidade e seguridade viaria e mellorar a estrutura territorial de comunicacións da comarca do Morrazo co eixe atlántico.


Unha vez rematada a redacción dos proxectos de construción, estes serán supervisados e logo da súa tramitación administrativa, procederase á licitación dos contratos para a execución das obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 17414, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“a información trasladada polo Servizo de Salvamento Marítimo ao Goberno galego en relación co sinistro da gabarra Prima o 13 de xaneiro de 2014”**, (publicada no BOPG nº 230, do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Sobre este asunto o señor deputado pode analizar o contido da resposta achegada á pregunta oral nº 17479 respostada polo Subdirector Xeral do Servizo de Gardacostas, na Comisión 8ª do mércores 19 de marzo de 2014.

Para o rescate do remolcador West, que tivo lugar o pasado día 13 de xaneiro, mobilizáronse os medios públicos Don Inda e Sar Gavia. Con esta intervención salváronse todas as vidas humanas e evitouse un episodio de contaminación mariña.

En relación con este suceso, o Subdirector Xeral de Gardacostas sinalou na Comisión 8ª que as condicións meteorolóxicas naquel momento eran moi adversas, con vento do Oeste de forza 7 a 8 e ondas de 4 metros e que sen embargo cumpríronse as funcións de salvamento de vida na mar e a prevención da contaminación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17426**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as razóns da demora na publicación na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia do balance enerxético galego correspondente ao ano 2012”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O balance dun ano non é posible publicalo antes do último trimestre do ano seguinte debido a que gran parte da información necesaria para a súa redacción non se recibe no Inega ata agosto, en condicións normais, e logo esa información é necesario revisala e tratala nos meses de setembro a decembro. O Balance Enerxético do ano 2012 estaba finalizado en febreiro de 2014, pero non se presentou ao Consello ata abril de 2014, data da súa publicación na páxina web do Inega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17452**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para o abaratamento do solo industrial na comarca de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“No último concurso de venda de solo empresarial convocado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo en 2013 realizouse una nova valoración das parcelas do parque empresarial de Valdeorras, reducíndose o prezo de venda nun 20%. Os prezos de venda pasaron de 70 euros por metro cadrado a 56 euros por metro cadrado.”


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca  Senoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 17564, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da cancelación da celebración en Vigo da edición de 2015 da Feira Mundial da Pesca”**, (publicada no BOPG nº 230, do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A organización desta feira corresponde ao sector privado. Desde a Xunta de Galicia lamentaríamos que os seus promotores perdan a oportunidade de celebrala en Galicia, xa que o contrario sería unha mala noticia.

Lamentamos tamén non ter podido avaliar o proxecto, xa que os promotores non demandaron a nosa colaboración nin axuda.

Valoramos a disposición do Ministerio a estimular a celebración do encontro internacional de ministros de pesca - no caso de que a exposición mundial chegue a facerse en Vigo-, unha iniciativa na que tamén colaboraríamos desde a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 2 OUT. 2014
Núm. 27945

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 1 OUT. 2014
S A I D A
Num. 2615

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17635** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis , sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego en relación co estado de deterioración en que se atopa o mercado de Caranza, na cidade de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Os mercados e prazas de abastos de Galicia teñen un valor estratéxico para o comercio de proximidade, configurándose como unha das liñas prioritarias de actuación do Goberno galego.

Por isto, a Xunta de Galicia está a traballar nun programa de potenciación dos mercados de abastos que busca a atracción de novos clientes, o incremento do volume de vendas e a xeración de novas oportunidades de negocio para os galegos e galegas, sen perder a súa esencia.

No marco desta estratexia, a Administración autonómica está a realizar un importante esforzo de investimento, poñendo en marcha múltiples actuacións dirixidas a acondicionar, modernizar e a dinamizar os mercados galegos.



Así, dende o ano 2009 destináronse máis de 11,9 M€ a acondicionar e mellorar preto de 85 prazas de abastos. Ademais, destináronse axudas por un importe 1,8 M€ para asociacións e federacións de praceiros co obxectivo de lograr a mellora do seu equipamento, a uniformidade da imaxe e o incremento das vendas. Estas accións son potenciadas a través de campañas de dinamización como ‘Este inverno presume de praceiro’ que, tras tres edicións, acadou un resultado de 1 millón e medio de vendas xeradas nas prazas galegas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/jr

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17638**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e varios/as deputados/as máis, sobre **"a actividade da Casa de Galicia en Madrid"**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Presidencia da Xunta de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Secretario Xeral da Presidencia deu resposta a unha pregunta efectuada polos mesmos deputados acerca da actividade da Casa de Galicia en Madrid na sesión da Comisión 1ª celebrada o 4 de marzo de 2014 (iniciativa nº 17.637)

Na web do Parlamento de Galicia atópase o arquivo audiovisual coa resposta ofrecida en dita comparecencia. Pódese acceder ao mesmo a través do seguinte enlace:

<http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?wmv=0000008523J-002-100kb.wmv&timecode=01:09:05&duration=00:27:27&idVid=C2768636>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17645**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico desenvolvido na sétima lexislatura”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera que os resultados que ata o momento se acadaron coa execución dos plans industriais do concurso eólico, superando nas tres primeiras anualidades os 850 millóns de euros de investimentos e a creación de 1.800 postos de traballo, son positivos e que estes contribúen ao dinamismo socioeconómico de Galicia, o que se pode apreciar a través duns datos de emprego mellores que no conxunto de España.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 17732, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os criterios defendidos polo Goberno galego nas negociacións mantidas en Madrid para a repartición de cotas das principais especies peláxicas, como a rincha, o xurelo ou o lirio, no Cantábrico noroeste para o ano 2014”**, (publicada no BOPG nº 230, do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a administración galega e desde hai xa varios anos buscamos un criterio de xestión e ordenación das pesqueiras que nos permitise acadar o seguinte fin: poder pescar e ter en conta a nosa configuración da flota baseándonos en que o criterio de reparto responde a fundamentos legais firmes.

Con este acordo podemos pescar xarda no seu período de migración diante das nosas costas e porque asegura unha parte importante das cotas españolas de xurelo. O sustento do reparto viña afirmado polo sector e pola súa opinión. Seguíronse os criterios que aceptou o sector e os oito representantes do cerco que foron a Madrid o 20 de decembro de 2013 viñeron convencidos de que era un acordo netamente positivo.

En canto ao acordo acadado en marzo de 2014 polos Estados Costeiros do Atlántico Noroeste sobre a fixación do TAC para a xarda, supón un reparto para a UE de máis de 600.000 toneladas das que a España lle corresponde un total de 40.473 toneladas. Esta cota de España supón unha suba do 77% respecto á cota inicial e do 136% respecto á cota da que dispuxo a flota española en 2013.

A Xunta valora moi positivamente este incremento das posibilidades de pesca para a nosa frota e, ademais, o novo modelo de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste, aprobado polo Ministerio, resulta moi beneficioso para a nosa frota.

O novo modelo de xestión consiste no reparto de xeito escalado, primeiro entre modalidades e unha vez acadados os acordos precisos pásase a negociar e definir un reparto interno dentro de cada modalidade (arrastre de fondo, cerco e outras artes distintas do arrastre e cerco). Este modelo é froito do labor desenvolvido no Grupo de Traballo do Cantábrico Noroeste, formado polos representantes do sector nas súas distintas modalidades e Comunidades Autónomas, a Secretaría General de Pesca e os representantes das administracións autonómicas.

Este novo modelo permite ampliar a pesca no tempo, as descargas nos nosos portos, unha mellor organización da actividade pesqueira e unha comercialización máis axeitada. De feito, as descargas de xarda da frota galega de litoral en Galicia aumentaron nun 230% e a facturación nun 220% con respecto ao ano anterior grazas a este novo modelo de xestión. Ademais, as vendas desta especie nas lonxas galegas por parte da frota de arrastre, cerco e artes menores e fixos se incrementaron dende os 1,9 millóns de euros do ano pasado ata os 6,1 millóns deste ano e as descargas pasaron de 2.200 toneladas a 7.300.

Estes datos reafirman os beneficios que se prevían deste novo modelo de xestión e que son os de ampliar a pesca no tempo, as descargas nos nosos portos, unha mellor organización da actividade pesqueira e unha comercialización máis axeitada."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17912**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“o posicionamento da Xunta de Galicia en relación coa calidade do comercio galego”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente o sector comercial enfróntase a un mercado cada vez máis competitivo, no cal coexisten diversas formas de distribución comercial que intentan satisfacer as necesidades dun consumidor cada vez máis cualificado.

Neste senso, o impulso da mellora da calidade constitúe un pilar fundamental para o incremento da competitividade do comercio galego. Tamén a innovación e a modernización son instrumentos claves para un comercio competitivo e de calidade.

A Xunta de Galicia aposta por unha potenciación da calidade no comercio de proximidade baseada na súa modernización e no seu relevo xeracional, impulsando a incorporación de novos emprendedores e renovando as estruturas comerciais con novos sistemas de comercialización e xestión acorde coas novas realidades. Para iso pon en marcha un programa específico de axudas para a renovación do tecido comercial.

O pequeno comercio posúe unha calidade diferenciada que a Xunta en Galicia reconece e pon en valor, destacando tanto os aspectos estruturais e de dotación dos establecementos comerciais como aqueles outros aspectos relacionados cos servizos de atención personalizada ao cliente ou cos modelos de xestión que fagan, todo eles, do comercio unha referencia de calidade e profesionalidade.”





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17913**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“o posicionamento da Xunta de Galicia en relación aos centros comerciais abertos”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O comercio ten unha importancia vital para o desenvolvemento económico de Galicia, xogando ademais un papel dinamizador na actividade das nosas vilas e cidades. Neste contexto, o asociacionismo a nivel comercial é fundamental para a pervivencia do comercio e a procura de mellores e maiores servizos para os consumidores no ámbito do comercio de proximidade, de aí o seu fomento por parte da Xunta de Galicia.

O programa de apoios ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos é unha iniciativa fundamental de apoio aos colectivos de comerciante, porque artículanse como motores desta actividade económica, ademais de xerar emprego e dotar de seguridade aos nosos núcleos urbanos.

O obxectivo é mellorar a competitividade do sector comercial, e un dos instrumentos para conseguilo é potenciar o comercio de proximidade a través dos centros comerciais abertos. Estas fórmulas de distribución comercial son instrumentos xeradores de riqueza e un reforzo de cara á competitividade do sector para mellorar a xestión comercial, tanto interna coma na cadea de subministración, para así dar resposta aos problemas actuais do comercio retalista e de proximidade.

No ano 2013, dentro do programa de axudas dirixido ao desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos para a súa dinamización e revitalización, investíronse mais de 1,5 M euros. Esta dotación económica atende as demandas de 48 centros comerciais abertos para

a realización de máis de 340 actuacións de dinamización comercial, de fidelización, sinalización e outras actuación para a mellora da competitividade dos nosos comercios.

No ano 2014 concedéronse axudas por un importe de mais de 1,8 M € para 52 centros comerciais abertos, apoiando a realización de máis de 400 actuacións de dinamización comercial, de fidelización, sinalización e outras actuacións para a mellora da competitividade dos nosos comercios.


Ademais, a Xunta está a desenvolver tamén campañas dinamizadoras do comercio como, '**A semana do teu comercio**', desenvolvida ao longo do ano 2013, e a campaña '**Centros comerciais abertos. Máis que comercio!**', que se está a desenvolver no ano 2014, en tódolos centros comerciais abertos de Galicia co obxectivo de dinamizar as compras e potenciar o comercio de proximidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 3 OUT. 2014

Núm. 28052

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 2 OUT. 2014

SAIDA

Num. 2663

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 17927, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego para garantir unhas condicións de seguridade na atracada e no fondeo das embarcacións no porto de Laxe”**, (publicada no BOPG nº 230, do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural e do Mar está a manter un contacto directo cos usuarios do porto de Laxe, nomeadamente cos profesionais a través da confraría e o patrón maior, así como co Concello a través do alcalde, polo que é perfectamente coñecedora da súa situación.

Portos de Galicia ten realizado diferentes estudos e propostas técnicas dende o ano 2003 sen que ningunha se plantexase viable dende o punto de vista técnico e económico para solucionar de xeito definitivo a situación do porto de Laxe. Por este motivo continuouse a consensuar unha solución efectiva co sector, a través da creación dunha comisión de traballo na que estiveron representados Portos de Galicia, Concello de Laxe e confraría de pescadores de Laxe.

Por último, en canto ás medidas que xa está a tomar a Xunta, Portos de Galicia executará nunha primeira fase do proxecto de actuación, unha dragaxe no interior do porto de modo que se garanta un mellor abrigo, deixando para unha segunda fase o resto das accións contempladas na alternativa elixida pola comisión de traballo. O ente público ten iniciado xa os trámites para a contratación do proxecto

técnico de dita dragaxe. Esta opción foi consensuada co sector e o Concello como a solución inmediata de maior eficacia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 2 OUT. 2014

Núm. 27930



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18040**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración polo Goberno galego do papel do Igape como principal axente da política económica de apoio ás empresas en Galicia”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Como principal instrumento público da Xunta de Galicia para o apoio á actividade empresarial, o Instituto Galego de Promoción Económica avalía, adecúa e reformula de xeito constante os seus servizos e liñas de axuda, para procurar que contribúan a atender mellor ás cambiantes necesidades e demandas das empresas.

Consciente das dificultades das empresas para acceder ao financiamento bancario convencional, este ano o Igape impulsou un paquete de axudas financeiras para apoiar os investimentos, o emprendemento e o acceso á liquidez polas pemes, en colaboración co Instituto de Crédito Oficial (ICO) e coas entidades financeiras que operan en Galicia e outras institucións.

As liñas articuladas en colaboración co ICO permitirán mobilizar en 2014 máis de 50 millóns de euros en préstamos con xuros bonificados para financiar investimentos de microempresas, emprendedores e Pemes.

Son instrumentos financeiros que, xunto cos medios propios de que dispón a Xunta a través do Igape e Xesgalicia, configuran o Programa Galicia 1000, impulsado pola Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, para apoiar conxuntamente un milleiro de proxectos empresariais e mobilizar 200 millóns de euros en investimentos.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 18111, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as negociacións mantidas en Madrid para a repartición das principais especies peláxicas”**, (publicada no BOPG nº 232, do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a administración galega e desde hai xa varios anos buscamos un criterio de xestión e ordenación das pesqueiras que nos permitise acadar o seguinte fin: poder pescar e ter en conta a nosa configuración da flota baseándonos en que o criterio de reparto responde a fundamentos legais firmes.

Con este acordo podemos pescar xarda no seu período de migración diante das nosas costas e porque asegura unha parte importante das cotas españolas de xurelo. O sustento do reparto viña afirmado polo sector e pola súa opinión. Seguíronse os criterios que aceptou o sector e os oito representantes do cerco que foron a Madrid o 20 de decembro de 2013 viñeron convencidos de que era un acordo netamente positivo.

En canto ao acordo acadado en marzo de 2014 polos Estados Costeiros do Atlántico Noroeste sobre a fixación do TAC para a xarda, supón un reparto para a UE de máis de 600.000 toneladas das que a España lle corresponde un total de 40.473 toneladas. Esta cota de España supón unha suba do 77% respecto á cota inicial e do 136% respecto á cota da que dispuxo a flota española en 2013.

A Xunta valora moi positivamente este incremento das posibilidades de pesca para a nosa frota e, ademais, o novo modelo de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste, aprobado polo Ministerio, resulta moi beneficioso para a nosa frota.

Este novo modelo permite ampliar a pesca no tempo, as descargas nos nosos portos, unha mellor organización da actividade pesqueira e unha comercialización máis axeitada. De feito, as descargas de xarda da frota galega de litoral en Galicia aumentaron nun 230% e a facturación nun 220% con respecto ao ano anterior grazas a este novo modelo de xestión. Ademais, as vendas desta especie nas lonxas galegas por parte da frota de arrastre, cerco e artes menores e fixos se incrementaron dende os 1,9 millóns de euros do ano pasado ata os 6,1 millóns deste ano e as descargas pasaron de 2.200 toneladas a 7.300.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Página 2 de 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18147**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis , sobre **“a presentación dun plan estratéxico de turismo en Galicia e a valoración polo Goberno galego dos resultados do turismo durante o ano 2013”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O ano 2013 finalizou cun balance positivo para o turismo en Galicia tal e como reflicten os datos oficiais publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

Estes datos mostran que no computo total do ano os viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos medraron un 4,9% e as pernoitas rexistradas medraron un 1,9% a respecto do ano 2012.

En canto a demanda nos establecementos extrahoteleiros, os viaxeiros aloxados medraron un 2,9% nos apartamentos turísticos e o mesmo aumento produciuse nos cámpings.

Se temos en conta os datos do conxunto da oferta regrada existe unha suba do 4,3% na cifra de viaxeiros, cun total de mais de 3,7 millóns e unha suba do 1,4% na cifra de pernoitas, con mais de 8 millóns de dormidas.

No conxunto da oferta regrada, o turismo internacional sube un 10,1% en cifra de viaxeiros e un 6,4% no tocante ás pernoitas. Os datos son máis elevados aínda no segmento hoteleiro, no que os turistas internacionais medran un 11% e as pernoitas un 8% a respecto do ano 2012.

O mercado internacional acada cotas do 24,1% no total de viaxeiros aloxados e do 20% das pernoitas rexistradas. Acádase así o máximo histórico de viaxeiros internacionais aloxados en Galicia, con 913.000 en todo o 2013.

A cifra de españois aloxados en establecementos regrados de Galicia tamén subiu un 2,6% a respecto do ano anterior.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18237**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao mantemento da planta de Freiremar, S.A., de Vigo, así como o seu emprego”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se trasladou no debate da pregunta 18238, que tivo lugar na sesión da Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 6 de febreiro, a Xunta de Galicia ten mantido unha intensa actividade de diálogo orientada a procurar que as instalacións puidesen manterse produtivas e ofrecendo postos de traballo para os traballadores afectados.

Nesta senso, representantes da Xunta mantiveron encontros con representantes dos traballadores e con directivos da propia empresa, para coñecer de preto a situación e para tratar de mediar na busca de alternativas de futuro, así como para esixir o respecto aos dereitos dos traballadores, de acordo coa resolución aprobada polo Parlamento de Galicia.

De feito, desde a Xunta de Galicia Nesta sempre se deixou clara a súa dispoñibilidade para considerar cantas iniciativas puidesen abrir unha vía de futuro para a planta galega de Freiremar.”





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18360**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes de asinamento do convenio”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A tramitación dos convenios de colaboración co *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* (IRMC) das actuacións que se acordaron incluír no 4º Acordo Suplementario ao Protocolo de Colaboración pasaría precisamente pola formalización deste Acordo Suplementario e que o IRMC dispoña dos créditos orzamentarios suficientes con que facelos fronte.

Coa sinatura do novo *Marco de actuación para a minería do carbón e as comarcas mineiras no período 2013-2018* asinado o 1 de outubro de 2013 contemplase unha excepcionalidade para a execución de infraestruturas en Galicia que está pendente de concreción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18361**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II pendentes na actualidade de asinamento do convenio, as razóns da demora e o seu importe”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Das actuacións previstas no Cuarto Acordo Suplementario ao Protocolo de Colaboración, unicamente foi asinado o 9 de agosto de 2012 o convenio de colaboración co concello das Somozas para a execución do proxecto de mellora do Parque empresarial das Somozas por importe 2.502.000,00 €. Este convenio foi executado na súa totalidade e, tras a presentación por parte do concello da documentación xustificativa, procedeuse ao seu pagamento.

A execución do referido convenio co concello das Somozas puido realizarse porque era unha actuación elixible con fondos FEDER e levouse a efecto con ese financiamento, e a cargo da achega da Xunta de Galicia ao Plan. As outras actuacións ao non ser elixibles con fondos FEDER non se puideron levar a efecto. O resto de actuacións previsto a súa execución mediante fondos finalistas do Estado non foron executadas en tanto non fora asinado este 4º Acordo Suplementario.


Polo tanto, a tramitación do resto dos convenios de colaboración co Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras (IRMC) non foi posible a súa formalización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18362**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **“o estado de execución e pagamento das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Das actuacións previstas no Cuarto Acordo Suplementario ao Protocolo de Colaboración, unicamente foi asinado o 9 de agosto de 2012 o convenio de colaboración co concello das Somozas para a execución do proxecto de mellora do Parque empresarial das Somozas por importe 2.502.000,00 €. Este convenio foi executado na súa totalidade e, tras a presentación por parte do concello da documentación xustificativa, procedeuse ao seu pagamento.

A execución do referido convenio co concello das Somozas puido realizarse porque era unha actuación elixible con fondos FEDER e levouse a efecto con ese financiamento, e a cargo da achega da Xunta de Galicia ao Plan. As outras actuacións ao non ser elixibles con fondos FEDER non se puideron levar a efecto. O resto de actuacións previsto a súa execución mediante fondos finalistas do Estado non foron executadas en tanto non fora asinado este 4º Acordo Suplementario.

Polo tanto, a tramitación do resto dos convenios de colaboración co Instituto para la Restructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras (IRMC) non foi posible a súa formalización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

2 OUT. 2014

Núm. 27921



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18363**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“os convenios asinados para a execución das actuacións previstas en Galicia con cargo ao Plan Miner II”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A tramitación dos convenios de colaboración co *Instituto para la Restructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* (IRMC) das actuacións que se acordaron incluír no 4º Acordo Suplementario ao Protocolo de Colaboración pasaría precisamente pola formalización deste Acordo Suplementario e que o IRMC dispoña dos créditos orzamentarios suficientes con que facelos fronte.

Coa sinatura do novo *Marco de actuación para a minería do carbón e as comarcas mineiras no período 2013-2018* asinado o 1 de outubro de 2013 contemplase unha excepcionalidade para a execución de infraestruturas en Galicia que está pendente de concreción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis , sobre **“a decisión do ente público Portos de Galicia de reducir o horario da iluminación nas instalacións portuarias da súa competencia”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia puxo en marcha a principios de 2012 o Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia. Dito plan mantense en activo, toda vez que se veñen de obter resultados plenamente satisfactorios no balance do mesmo realizado ao peche do exercicio 2012.

Dito balance revela que Portos de Galicia conseguiu reducir unha media dun 36,2% o consumo de enerxía eléctrica nas dársenas do litoral autonómico durante o ano 2012. O ente público pechou o exercicio, polo tanto, cun aforro de máis dun terzo no consumo de luz, o que supón un resultado contundentemente positivo, tanto dende o punto de vista económico como ambiental.

En total foron 59 as dársenas nas que se desenvolveu este plan, consistente na alternancia de funcionamento das fases de luminarias durante unhas horas da madrugada, de xeito que non todos os puntos de luz estean operativos ao mesmo tempo nin funcionen cunha potencia máxima. Deste xeito, redúcese o alumeado público nas zonas portuarias de menor tránsito, como viais e explanadas, mantendo os mesmos puntos de luz nas zonas de traballo e peiraos de atraque para garantir a seguridade dos usuarios. O obxectivo de Portos de Galicia é continuar a estender este tipo de medidas de redución de impacto ambiental e contención do gasto a todas as dársenas nas que sexa posible executar actuacións destas características con plenas garantías de operatividade e seguridade dos usuarios.”





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18633**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Xosé Manuel Beiras Torrado e dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“o aforro económico derivado da supresión de seis días de libre disposición na función pública”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Os empregados públicos da Xunta teñen os días de permiso para asuntos persoais que establece a lexislación básica do Estado, é dicir, teñen os mesmos días que un funcionario do Estado.

A disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, do 20 de decembro, ampliou nun día máis o número de permisos para asuntos persoais que establece o Estatuto Básico do Empregado Público. Esta modificación xa tivo efectos para 2013, ea Dirección Xeral da Función Pública ampliou a posibilidade de dispoñer deste día ata o 31 de marzo de 2014, respectando as necesidades do servizo.

Ademais, o prazo que establece a Xunta de Galicia é máis amplo que o aprobado pola Administración do Estado, que prolongou o prazo de desfrute ata o 15 de febreiro de 2014.

Polo tanto, cando hai cambios na lexislación estatal tamén se aplican na Administración autonómica.



A única excepción é a do persoal dependente de Educación, que ten un réxime distinto.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18637**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a proposta do Goberno do Estado en materia de retribucións ás enerxías do réxime especial”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da nova proposta para retribuír ás enerxías do antigo réxime especial, a Xunta de Galicia realizou, con data 25 de febreiro de 2014, as alegacións á esta proposta de norma.

As alegacións baseáronse en acadar unha rendibilidade razoable para todas as tecnoloxías. Con esta fin revisáronse os parámetros contemplados na proposta de Orde para cada unha das tecnoloxías, basicamente: o rateo de investimento, os custes de operación e mantemento e as horas equivalentes de funcionamento.

O resultado das alegacións presentadas para o caso de Sogama é que percibirá unha retribución ao investimento durante 10 anos adicionais, fronte ao borrador anterior que entendía que ese gasto estaba amortizado.

Así mesmo, acadouse un tratamento mellorado para a minihidráulica de menos de 10 MW de leito fluído recoñecéndolle unha retribución específica, así como que os parques eólicos con posta en funcionamento no 2004 tivesen retribución ao investimento.

No ámbito da coxeración, a Orde aprobada recolle dos alegacións de moita importancia: a eliminación do máximo de horas de funcionamento e a revisión realista do custo dos combustibles, tanto do fueloil, coma do gasóleo e do gas natural.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais

[illegible]

García-Señoráns Álvarez

Página 2 de 2





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18737**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a actuar ‘coa máis estrita legalidade’ na aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, aprobado polo Goberno do Estado e que estableceu a supresión da paga extra de decembro de 2012 no conxunto das administracións, incluída a Xunta.

Este real decreto-lei é unha norma ‘de alcance xeral para todos os empregados do sector público’, e polo tanto ‘de obrigado cumprimento’ para as distintas administracións, tanto a estatal como as autonómicas e as locais.

En canto ás sentenzas sobre esta cuestión, a Administración galega, dado o alcance xeral que ten o Real Decreto-Lei 20/2012, está a recorrer as sentenzas non firmes sobre esta cuestión.

Nos casos con sentenza firme a Administración pública a executará nos seus propios termos.

Actuar ao marxe do esgotamento dos recursos procesuais, é dicir, da vía de recurso que establece o ordenamento xurídico sería irresponsable por parte da administración.

Neste sentido se teñen plantexado cuestións de inconstitucionalidade diante do Tribunal Constitucional, como a que presentou a Audiencia Nacional. Isto suporá a suspensión das vistas fixadas en espera do pronunciamento do alto Tribunal.

O propio Tribunal Constitucional determinou a suspensión en abril de 2013 das disposicións do Goberno vasco sobre pago ao persoal desa comunidade da extra de 2012.

En numerosas ocasións o goberno galego destacou 'o importante esforzo esixido aos empregados públicos' co obxectivo de rebaixar o déficit público, un

O propio Goberno galego non ten sido alleo ás rebaixas salariais aplicadas aos seus empregados e así o presidente da Xunta cobra na actualidade un 22% menos, mentres que os conselleiros e os directores xerais perciben un 17% e un 15% menos, respectivamente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- nº 18852, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas que vai adoptar Portos de Galicia para a mellora e reparación das instalacións portuarias de Moaña”**, (publicada no BOPG nº 237, do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás obras do peirao de O Con, producidas con motivo dos temporais do pasado inverno, deron comezo aos poucos días de producirse o derrubamento dun dos muros do antigo peirao. As obras foron rematadas no tempo previsto e ademais foi revisada o resto da estrutura do peirao para evitar as posibles fendas producidas polo mar neses días de temporal.

En canto ao compromiso de levar a cabo a construción de pantaláns neste porto para poder ordenar o amarre e atraque das embarcacións, hai que sinalar que nesta obra, que foi comprometida co sector profesional, non se deixou de traballar en ningún momento coa tramitación da dragaxe e vertedura do material que inclúe dito proxecto. Está xa na súa recta final, é dicir, xa co visto e prace dos informes realizados por outros departamentos, entre eles Patrimonio, Costas, Medio Ambiente e a propia Consellería do Medio Rural e do Mar, suporán que en breve se anuncie a licitación das obras do pantalán adicado ás embarcacións da 3ª e 4ª lista.

Por último, en canto á ampliación do peirao da Mosqueira, cos ensaios xeotécnicos realizados con posterioridade ao inicio das obras de ampliación do peirao para mexilloeiros na súa segunda fase no portos de Moaña, resultaron uns valores que

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais

James G.

81250





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19053**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis , sobre **“a invitación ao Concello de Vigo a participar en Fitur 2014”**, (publicada no BOPG número 240 do 19 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia asiste a diferentes feiras tanto nacionais coma internacionais ao longo do ano co obxectivo de promocionar o destino Galicia.

No stand de Galicia se reparte material promocional deseñado pola Xunta de Galicia sobre os recursos e produtos turísticos da nosa terra. Este espazo é posto a disposición das distintas administracións e organismos de promoción turística que queiran facer chegar o seu material promocional para que os informadores poidan repartilo ao público e profesionais interesados. Habitualmente nas feiras existe un programa complementario de presentacións, xornadas ou workshops, entre outras actividades, que serven de apoio para dar a coñecer os destinos que participan na feira. A Xunta de Galicia tamén pon a disposición das administracións e organismos turísticos que desexen participar nestas actividades complementarias conxuntamente coa administración turística galega cando así o soliciten.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A dirección xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19172**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do Goberno galego para non acatar as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos”**, (publicada no BOPG número 240 do 19 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a actuar ‘coa máis estrita legalidade’ na aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, aprobado polo Goberno do Estado e que estableceu a supresión da paga extra de decembro de 2012 no conxunto das administracións, incluída a Xunta.

Este Real Decreto-Lei é unha norma ‘de alcance xeral para todos os empregados do sector público’, e polo tanto ‘de obrigado cumprimento’ para as distintas administracións, tanto a estatal como as autonómicas e as locais.

En canto ás sentenzas sobre esta cuestión, a Administración galega, dado o alcance xeral que ten o Real Decreto-Lei 20/2012, está a recorrer as sentenzas non firmes sobre esta cuestión.

Nos casos con sentenza firme a Administración pública a executará nos seus propios termos.

Actuar ao marxe do esgotamento dos recursos procesuais, é dicir, da vía de recurso que establece o ordenamento xurídico sería irresponsable por parte da administración.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 3 OUT. 2014

Núm. 28104

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 2 OUT. 2014

SALDA
Num. 2912

RS/jr

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19438**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as xestións previstas polo Goberno galego para defender as competencias de Galicia en materia deportiva”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Como se apuntara no ámbito da iniciativa 19.437 ‘a Secretaría Xeral para o Deporte ten realizado numerosas xestións en torno ó tema da licenza deportiva única, e elo tanto antes como despois de que fora aprobada polo Parlamento galego a proposición non de Lei relativa a este punto no pleno do pasado 13 de febreiro (18277. 09/PNP-001319). Así, podemos sinalar entre outras xestións, a a presentación dun texto alternativo á actual redacción do articulado do proxecto de Lei, ou o mantemento de distintas reunións coas federacións deportivas galegas ou con representantes do Consello Superior de Deportes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19587**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a evolución do sector industrial de Galicia en relación co resto dos sectores da economía galega dende a entrada do actual Goberno”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“No mes de agosto, o paro rexistrado en Galicia asociado coa industria baixou en 464 persoas, o que se une a unha baixada continuada nos seis meses anteriores. Polo tanto, o número de persoas desempregas neste sector descendeu en 6.199 desde o pasado xaneiro.

Ademais, a evolución doutro indicador coma o Índice de Entrada de Pedidos da Industria, que rexistrou un incremento acumulado ata xuño do 10,6%, é dicir, 8 puntos por enriba da media do Estado, permite manter unha visión optimista sobre a evolución da actividade das empresas industriais.

Precisamente, co propósito de contribuír a este obxectivo, o Igape impulsou este ano un paquete de axudas financeiras dirixido a apoiar os investimentos, o emprendemento e o acceso á liquidez polas pemes, en colaboración co Instituto de Crédito Oficial (ICO) e coas entidades financeiras que operan en Galicia e outras institucións.

As liñas articuladas co ICO permitirán a mobilización de máis de 50 millóns de euros en préstamos con xuros bonificados para o financiamento de investimentos de pemes, microempresas e emprendedores.

A estes instrumentos, únense os medios propios que dispón a Xunta de Galicia, a través do Igape e Xesgalicia, e que conforman o Programa Galicia 1000, preparado para apoiar

conxuntamente un milleiro de proxectos empresariais e mobilizar 200 millóns de euros en investimentos.

Por último, mencionar que o Igape mantén convenios de colaboración coa Empresa Nacional de Innovación (ENISA) para cofinanciar, a través de Xesgalicia, investimentos en Galicia de emprendedores e proxectos tecnolóxicos. De feito, en 2013, a entidade estatal investiu en 38 proxectos galegos por un importe total de 6 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19592**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das causas da forte perda de emprego no sector téxtil de Galicia”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O sector téxtil en Galicia está a sufrir un proceso de cambios e adaptacións que comezou xa coa liberalización dos mercados téxtiles internacionais no 2005 e que afecta negativamente ao emprego. Dende 2003 experimentou un descenso progresivo no número de empregados que a crise non fixo máis que agravar: o descenso no consumo das familias afectou á confección, o descenso na construción afectou especialmente ao téxtil-fogar e o descenso da produción industrial aos téxtiles técnicos. Actualmente o sector vese tamén afectado por outras ameazas como as novas formas de distribución e comercio (Internet, grandes cadeas especializadas) e a competencia das economías de baixos custos produtivos, especialmente a chinesa.

Non obstante, o último estudo realizado polo clúster e Confederación Intertextil Galega, COINTEGA, amosa un incremento nas exportacións galegas de roupa (CNAE 14, confección de prendas de vestir) dun 15% respecto do ano anterior, acadando os 3.178 M€, o que sitúa a Galicia no primeiro posto de empresas exportadoras no sector téxtil español, e ao sector téxtil como o primeiro exportador galego, por riba do automóbil e da pesca.

Estes datos son indicativos da recuperación do sector que se traducirá nunha paulatina recuperación do emprego, como se pode apreciar xa en Arteixo, onde se ten detectado un repunte na demanda de traballadores por parte de empresas téxtiles da zona.

Ademais, cabe salientar outros valores positivos que se veñen dando na evolución do sector téxtil en Galicia, como é o amplo know how que se xerou no canto á xestión de moda, sendo un feito que hoxe somos un territorio con profesionais altamente cualificados (especialmente a partir de INDITEX, pero tamén, por exemplo, de Adolfo Domínguez e Sociedade Textil Lonia, entre outras compañías) que van transmitindo o seu saber a outras empresas xerando potencial de recuperación e crecemento no futuro para o sector.

Tamén é fundamental o efecto tractor asociado ao sector téxtil en Galicia, xerando emprego noutras actividades especialmente focalizadas ao sector, como empresas especializadas en carpintería, arquitectura, control de calidade, etc., dirixidas e especializadas na prestación de servizo ao sector téxtil e na comercialización da produción téxtil.

Por último, cumpre poñer en valor as marcas xoves do sector moda que non deixaron de crecer nese contexto, dando exemplo de capacidade e posicionamento por competitividade e capacidade, como o caso de Bimba y Lola.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 19664, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e varios/as deputados/as máis, sobre **"a situación en que se atopa o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-208 no tramo comprendido entre Portonovo e A Lanzada, no concello de Sanxenxo"**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En setembro de 2013 foi recibido na Axencia Galega de Infraestruturas un oficio do Concello de Sanxenxo no que se solicita que se retome en determinados puntos a solución inicial para a seguridade viaria na PO-308, ao non conseguir o concello finalmente que algúns dos veciños cedan os terreos necesarios. Ademais, a posta a disposición doutros terreos, os de titularidade das comunidades de montes afectadas, só foi acadada en decembro de 2013.

Por outra parte, considerouse oportuno a adaptación do proxecto ao programa operativo dos fondos FEDER 2014-2020, de xeito que se oriente cara ao fomento da mobilidade sostible no entorno da estrada, mediante a habilitación dun itinerario peonil e ciclista, ao tempo que se mellora a seguridade viaria, ao segregar os tráfico da estrada e ordenar as súas marxes e interseccións. Por estes motivos, estanse a introducir no proxecto unha serie de modificacións puntuais adicionais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Vázquez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

2 OUT. 2014

Núm. 27922



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19797**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no monte Neme, no concello de Carballo”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O contido das preguntas foi atendido na intervención do director xeral de Enerxías Minas, Ángel Bernardo Tahoces, con motivo do debate da Pregunta 17999 que tivo lugar na sesión de 21 de marzo da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Estas explicacións pódense consultar no arquivo audiovisual do Parlamento de Galicia, concretamente na URL:

<http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?wmv=0000008551H-002-100kb.wmv&timecode=00:29:57&duration=00:27:38&idVid=C2778645.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20149** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“o cumprimento dos requisitos para o nomeamento da presidencia de todos os parques naturais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 250 do 6 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Co nomeamento dos presidentes das Xuntas Consultivas dos parques naturais dáse cumprimento ao establecido na normativa reguladora dos parques e de conservación da natureza.

É un obxectivo do Goberno da Xunta de Galicia impulsar o traballo das xuntas consultivas para o fomento e desenvolvemento dos nosos parques naturais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
 - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727